

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 26 DE ABRIL

DE 2012

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e seis de abril de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, don José Antonio Orosa Fernández e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona María Olga Santos López, de EU; dona María Victoria Amor Prieto, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 28 de marzo e sesión extraordinaria do día 11 de abril de 2012

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 28 de marzo e sesión extraordinaria do día 11 de abril de 2012.

A secretaria da Corporación informa que na páxina 1 do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria de data 11 de abril de 2012, non debe figurar como asistente don Alfredo Rodríguez Abella.

Non se formulan máis alegacións polo que, a Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores, coa modificación efectuada na acta da sesión extraordinaria do día 11 de abril de 2012.

2º Proposta de nomeamento de membros da Comisión para o deslinde co Concello de Carral

Vista a proposta da Alcaldía de data 20 de abril de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo de data 24 de abril de 2012.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que esta proposta está modificando unha decisión da que se falou na xunta de voceiros, cando se dixo que esta comisión ía estar integrada polos voceiros dos grupos municipais. A súa sorpresa foi que, cando viu a proposta, iso non era así, xa que el é o voceiro do Grupo Mixto e non figura.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que, efectivamente, o Sr. Baamonde é o voceiro do Grupo Mixto no pleno, pero na comisión que é competente neste asunto, o voceiro é o Sr. Marante, esa foi a razón da proposta. Lébralle que hai dous días, na comisión que ditaminou este asunto, o Sr. Baamonde nin sequera participou, porque non era o concelleiro competente no asunto. Parécelle que, por operatividade, se na comisión que vai tratar o asunto o voceiro é o Sr. Marante, sexa tamén el quen estea na comisión de deslinde.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López manifesta que el pensa que é un tema máis relacionado co urbanismo que con obras, e que se a comisión de deslinde vai estar formada por un membro de cada grupo da oposición e máis un membro do equipo de goberno, sería máis xusto que estivera el presente.

Di que, ademais, o que se falou na xunta de voceiros foi que a Comisión estivera composta polos voceiros de cada grupo, e non lle parece de recibo a proposta formulada, por iso, se non se modifica, el non vai votar a prol. Na xunta de voceiros están para falar das cousas que van ao pleno, tomaronse uns acordos nos que todos estaban a prol, e a el non se lle comunica outra cousa ata que viu a proposta como vén. É dicir, modificouse a proposta sen contar con el para nada, polo tanto el non vai votar favorablemente.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que entende o malestar do Sr. Baamonde, pero cre que non se entenderon, porque a proposta do goberno era que estivera o voceiro do GM, e o voceiro do GM na comisión que ten que tratar este asunto é o Sr. Marante, e iso foi o que se propuxo. Ademais, esta proposta xa se fixo o venres, e o Sr. Baamonde podería terlles formulado esta cuestión antes de facelo no pleno.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López manifesta que el formula aquí esta cuestión, porque este é o órgano competente onde ten que facelo, non verbalmente, o que sucede é que o Sr. Andreu está acostumado a traballar así, el non, el é máis serio, e se toman uns acordos na xunta de voceiros, é para cumprilos, ou, polo menos, para comunicarllo antes de pasarlle a proposta.

Cre que os compañeiros, voceiros da oposición, que estaban ese día na xunta de

voceiros, entenderon o mesmo que el, falouse dos voceiros de cada grupo político.

Don Felipe Andreu Barallobre sinala que moi ben, pero reitera que o voceiro do GM na comisión informativa que ten que levar este asunto é o Sr. Marante.

Don José Antonio Baamonde López responde que non se falou de ningunha comisión, e, ademais, como xa dixo, entende que é un tema que está máis ligado co urbanismo que con obras e servizos. Dille ao Sr. alcalde que a el ninguén se dirixiu, e que se modificou un acordo sen que ninguén lle comunicara o cambio de decisión.

O Sr. alcalde contesta que se o Sr. Baamonde quere votar en contra, pode facelo.

Don José Antonio Baamonde López sinala que el o que quere é que sexan máis serios, e que actúen con máis rigor, porque despois o Sr. alcalde é o primeiro que protesta.

O Sr. alcalde dille que iso non llo permite, e, ante a insistencia do Sr. concelleiro, dille que non está no uso da palabra.

Don José Antonio Baamonde manifesta que non hai problema, pero que o Sr. alcalde ten unha actitude totalmente antidemocrática e ditatorial, e el saberá como quere conducir os plenos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo non ten ningún inconveniente en que o Sr. Baamonde forme parte da comisión de deslinde, poden aumentar o número de membros da dita comisión.

O Sr. alcalde manifesta que está de acordo en que as comisións se poden aumentar, e facerse todo o extensas que se queira, pero a proposta que fixo o goberno fíxose tendo en conta que nesta Corporación hai un Grupo Mixto. A persoa que está na comisión informativa representando a ese GM é o Sr. Marante, e por iso se puxo o seu nome, non foi por un capricho persoal. Agora se os concelleiros queren que a proposta se modifique, o pleno pode decidilo. Di que o goberno fai unha proposta, pero é o pleno quen decide.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que ao seu grupo tamén lle gustaría incluír ao Sr. Baamonde nesa comisión.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, manifesta que el non ten ningún interese especial en estar, ou non estar, nesa comisión. Non obstante, no que el non está de acordo é en que se diga que é un tema máis de urbanismo que de obras e servizos. Pensa que as dúas partes son bastante importantes, porque á hora da verdade, ás veces, cando non se coñecen cousas de obras e servizos deslindase, por exemplo, por un motivo natural, un camiño, un río, etc., e tómanse decisións moi alegres, porque quen as toma non é quen está traballando no terreo. Di que el ten problemas que se deron, por exemplo, no deslinde con Oleiros, na estrada da Gándara

tiveron que asfaltar a metade Cambre e a metade Oleiros, e iso, ao final, quen o sofre son os veciños, que ás veces se atopan cun trozo asfaltado e outro non.

Tamén que entre os Concellos de Carral e Cambre, en Gosende, hai un treito de estrada no que a zona de Cambre está en perfectas condicións e o de Carral está feito un desastre. Hai outras veces que está ao revés, perfectamente en Carral e non en Cambre.

Reitera que el non ten ningún interese especial en formar parte da comisión de deslinde, el viu a proposta para o pleno ao mesmo tempo que a viu o Sr. Baamonde, e non ten ningún problema en que vaia el, o único que pide é que sexan rigorosos, porque nunha das zonas, un camiño dos que hai, onde se pretende que delimiten os concellos, nese camiño dun lado quedan casas de Carral e por outro lado quedan casas de Cambre, despois van atoparse con problemas para saber quen o abre ou quen o arranxa.

Conclúe dicindo que, polo tanto, urbanismo si, pero obras e servizos tamén, porque despois tócalles batallar cos problemas que xurden. En todo caso, como xa dixo, non ten ningún problema en que á comisión vaia o Sr. Baamonde.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López manifesta que o seu desgusto non é por estar el ou o Sr. Marante, o desgusto é porque cando na xunta de voceiros se di unha cousa, e logo se quere modificar, non pasa nada, se fala con el, pero o que non pode ser é que se chegue a un acordo na xunta de voceiros e logo chegue unha proposta na que non contan con el. Di que esa é realmente a razón do seu desgusto.

Toma a palabra o Sr. alcalde quen manifesta que, vista a situación, e se todos están de acordo, non ten ningún problema en incluír ao Sr. Baamonde na proposta, e que a comisión quede formada por un membro máis.

Don José Antonio Baamonde López agradece a decisión.

O Sr. alcalde manifesta que está ben, pero reitéralle que isto non foi unha falta de seriedade. Pídelle que vexa como trata os temas, porque el non lle faltou nunca ao respecto, e agarda que o Sr. Baamonde non lle falte a el tampouco.

Sometido o asunto a votación ordinaria, coa modificación relativa á inclusión de don José Antonio Baamonde López como membro da comisión, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, a concelleira do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: A Comisión de derrega e marcaxe co termo municipal de Cambre estará constituída polos seguintes membros:

Presidente:	O Sr. alcalde, don Manuel Rivas Caridad, ou concelleiro en quen delegue.
Polo grupo municipal do PP:	Dona Rocío Vila Díaz ou concelleiro en quen delegue.
Polo grupo municipal do PSOE :	Don Augusto Rey Moreno ou concelleiro en quen delegue.
Polo grupo municipal de UxC:	Don Óscar García Patiño ou concelleiro en quen delegue.
Polo grupo municipal do BNG:	Dona María Victoria Amor Prieto ou concelleiro en quen delegue.
Polo grupo municipal de EU :	Don Luis Miguel Taibo Casás ou concelleiro en quen delegue.
Polo grupo Mixto:	Don José Antonio Baamonde López e don Manuel Marante Gómez.
Arquitecta municipal:	Dona Carolina Cajide Barbeito.
Aparellador municipal:	Don Roberto Saavedra Vázquez.
Secretaria da Corporación:	Dona M ^a Luisa de la Red Ampudia.

Segundo: Notifíquese ao Concello de Carral solicitando a designación da Comisión de derrega, para os efectos oportunos.

3º Proposta de Alcaldía para iniciar o proceso de declaración do territorio das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo como reserva mundial da biosfera

Vista a proposta da Alcaldía de data 20 de abril de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo de data 24 de abril de 2012.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo valora positivamente o espírito da iniciativa por canto supón recoñecemento e posta en valor do patrimonio natural e medioambiental, paisaxístico e cultural, pero ao mesmo tempo non poden obviar o informe técnico da arquitecta municipal, a cal en condicional establece a consideración de solo rústico de protección de espazos naturais a zona núcleo da reserva, dende o punto de vista urbanístico. Gustaríalles que, nese labor que a arquitecta menciona de consensuar estas iniciativas,

existira un posicionamento do equipo redactor do Plan xeral, para consensuar esa delimitación, usos e aproveitamento do solo.

Non obstante, nas comisións informativas do pasado martes, tendo en conta as aclaracións feitas polo goberno, eles van cambiar o sentido do seu voto, que vai ser favorable a esta proposta.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo tamén vai cambiar o sentido do voto emitido nas comisións informativas, e van votar a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que eles van manter o voto das comisións, a prol, sobre todo tendo en conta o sinalado pola arquitecta do concello en relación á figura determinante, que é o Plan xeral de ordenación municipal, na xestión do solo do concello, en función dos intereses que consideren oportunos en relación coa proposta formulada.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que o seu grupo abstívose na comisión, pero agora votan a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que tamén vai modificar o voto da comisión, e vai votar a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, a concelleira do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Asumimos conxuntamente coas entidades locais de Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Cesuras, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Miño, Oleiros, Ozas dos Ríos, Paderne, Sada, Sobrado dos Monxes, a Deputación Provincial da Coruña, así como a Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas-Betanzos”, a condición de promotores no proceso de elaboración dunha candidatura das Mariñas Coruñesas e as Terras do Mandeo para a súa declaración como reserva mundial da biosfera por parte da UNESCO.

Segundo: Encomendamos á Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas-Betanzos” o proceso de elaboración de candidatura e tramitación do expediente de declaración como reserva mundial da biosfera ante os organismos e institucións pertinentes.

Terceiro: Dar traslado do presente acordo a cantas entidades e institucións se consideren oportunas para a súa adhesión e traballo colaborativo no obxectivo de declarar as Mariñas Coruñesas e as Terras do Mandeo como reserva mundial da biosfera,

establecendo a participación pública e a colaboración da cidadanía como eixes vertebradores da proposta de candidatura.

4º Aprobación inicial, se procede, da Ordenanza reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cambre

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo de data 20 de abril de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 24 de abril de 2012.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que, como xa dixo nas comisións, trátase de dar cobertura normativa á feira tradicional de Cambre e abrir novos espazos no Temple e na Barcala.

Con esta regulación perséguense tres finalidades básicas, que son: a potenciación da economía municipal, a conservación da tradición e a observancia do efectivo cumprimento da normativa reguladora de cada produto, da normativa básica de seguridade e hixiene, da normativa sanitaria, a protección dos consumidores e usuarios e a competencia desleal.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo decidiu manter o voto das comisións, e vanse abster. As razóns da abstención son varias, primeiro non entenden a urxencia de sacar adiante esta normativa, foi retirada xa do último pleno, e é unha urxencia que non lles parece xustificada, tendo en conta, ademais, que en apenas un mes vaise facer unha reforma no Campo da Feira que vai paralizar esa actividade.

Di que esa urxencia tamén se manifesta en que prevén a creación de dúas feiras máis, no Temple e na Barcala, pero non se lles indica nin sequera o lugar onde van estar situadas, polo menos na ordenanza, e esa situación, por si soa, pode ser obxecto de discusión por parte de veciños e comerciantes.

Comparten, obviamente, que calquera persoa que ocupe o espazo público con ánimo de lucro, deba pagar taxa, pero parécelles que o goberno se queda un pouco aí.

Preocúpalles a deriva que leva a feira de Cambre, dende unha feira tradicional a un feirón ordinario do que hai en todos os municipios. Como se deduce do propio informe da Axencia de Desenvolvemento Local, se se fixan nos tipos de postos que se viñeron solicitando, poden ver como o que lles está dicindo se pon de manifesto.

Tamén cren que sería un bo momento para preguntarse, quizais, polas datas de celebración da feira de Cambre, para ver se son as máis adecuadas ou non.

Por último, en canto ao contido, que é o que máis lles preocupa, parécelles que ten algunhas lagoas. Tratando de evitar un réxime de autorización aos veciños que tradicionalmente venden os produtos das súas terras na feira, parece que pasan a esixirilles a condición de agricultores, e, en concreto, a condición de titulares de explotacións agrarias, e eles non saben se son conscientes do que iso significa. Significa que teñen que estar de alta na actividade agraria, significa que teñen que estar de alta no rexistro de explotacións agrarias, significa que teñen que estar de alta no réxime especial agrario. Ou sexa, parécelles que, ao final, pódese ocasionar un problema, máis que solucionalo.

Tamén cren que, en canto ao réxime sancionador, nalgúns casos tamén ten algunhas lagoas que lles presentan moitos interrogantes de como se vai poñer en práctica. Nalgún caso esixen aos vendedores ambulantes que leven unha auténtica xestoría enriba, que leven as facturas.

En definitiva, por todas estas razóns, polas lagoas, pola premura, por todo iso, van manter o voto de abstención.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, manifesta que, loxicamente, non está de acordo en case ningunha das observacións que lle fan con respecto á ordenanza. Non pensa que sexa agora o momento de aburrir á xente con discusións xurídicas de lagoas ou non lagoas, en todo caso, gustaríalle centrarse no primeiro punto ao que fixo referencia a Sra. concelleira sobre que non entendían o por que desta urxencia. Di que ela o que non entende é como tendo unha feira tradicional como a que teñen no centro da parroquia de Cambre, en tantos anos non tiveran unha ordenanza para regular este tema, e que aínda por riba digan que non hai que tela.

Sorpréndelle bastante, non só pola feira de Cambre, senón tamén polo tema das feiras do Temple e da Barcala, xa que, se queren abrir novos espazos, o primeiro que teñen que facer é comezar cunha regulación, máxime cando son os propios comerciantes e empresarios desas zonas os que están pedindo que se faga a feira.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais manifesta que ela non dixo que non haxa que ter unha regulación, só dixo que, ao mellor, non hai que facela con tanta premura. Tampouco lle parece acertado que diga que non existía regulación, porque lle parece que había un regulamento anterior, ou polo menos iso é o que di o informe da Axencia de Desenvolvemento Local, que se remite á anterior normativa.

Conclúe dicindo que non está discutindo que sexa necesaria, o que discute é a premura coa que están intentando poñela en marcha. Cre que podería ser obxecto dunha reflexión maior, e de feito, como acaba de comentar, nin sequera teñen localizado onde se vai realizar a feira da Barcala, nin a do Temple.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe contesta que a localización non ten que dicila ela, nin a ten que dicir a ordenanza, é algo que ten que dicir o tempo e a

consolidación da propia feira.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo tamén se vai abster. Pensan que é necesaria unha ordenanza para poñer dunha vez por todas en orde o caos que ás veces sufren na feira de Cambre, pero dille á Sra. concelleira que é un traballo que non realizou única e exclusivamente o PP dende que accedeu a este goberno, senón que xa había moito traballo feito de atrás.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe sinala que é certo que xa había un borrador de ordenanza, tamén é certo que xa había unha ordenanza do ano 1989, pero dende esa data quedou totalmente inaplicable, porque a normativa nesa materia cambiou tanto que é imposible poder aplicar esa ordenanza, é como se non existira. Con respecto a que xa había un traballo previo feito, obviamente si, pero houbo que adaptalo á nova normativa e incorporar todos os preceptos que foron saíndo ao longo destes meses.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que dende o seu grupo son conscientes da necesidade de regular e ordenar a venda ambulante no termo municipal do Concello de Cambre, máis aínda cando Cambre é referencia en toda a comarca dunha feira tradicional.

En todo caso, consideran que existen algúns focos nesta proposta, por exemplo, como xa manifestaron nas comisións informativas, no referente a que falta un informe da Policía Local. A este respecto a concelleira dixo que se consultou á Policía e que valoraban a praza do Doctor Enrique Piñeiro como lugar anexo máis adecuado. El cre que ese informe debería constar no expediente, porque todos son conscientes dos problemas que suceden cando hai feira en Cambre, sobre todo entre a rotonda e o que é a propia praza que acaba de mencionar. Os problemas que se van derivar de dous pasos de peóns que hai, un preto dos Vilas e outro nas cercanías da de Morás, el cre que aí vai ter que estar a policía regulando o paso continuamente, porque vai haber un trasvase de xente dun lado ao outro.

En canto ás propostas que se fan de regular os mercados na Barcala e no Temple, tampouco entenden se a data de celebración da feira do Temple é unha data pechada, porque nese caso incluso podería coincidir coa que se celebre na Barcala. Pode que coincidan tres feiras o mesmo día en Cambre. Quixera que explicasen por que non van a coincidir. Ademais, coincidan ou non esas feiras, haberá que dotalas de máis servizos, servizos de Policía Local, máis servizos de recollida de lixo, de limpeza viaria, e, por suposto, e non menos importante, un aparcadoiro.

Di que a idea é que a feira se potencie, todos están pensando niso, e se iso sucede, eles o que non queren ver é que as caravanas cheguen de Cambre ao Temple, sobre todo cando coincida domingo, porque iso xa está ocorrendo. Aínda que se fala dun pequeno aparcadoiro nunha rúa paralela ao Rocón, onde poden coller dez coches, el pensa que habería que dotar a Cambre dun aparcadoiro que el non ve por ningún sitio. Pregunta onde van aparcar os furgóns e as persoas que van vir a Cambre.

Conclúe dicindo que por todas estas dúbidas, o seu grupo vaise abster neste punto.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que no seu grupo pensan que esta ordenanza non vai revitalizar, nin potenciar a feira de Cambre. É unha ordenanza sobretudo recaudatoria. Di que eles fixeron varias propostas, catro en concreto, que non foron atendidas, tampouco se argumentou en contra, o único que se dixo foi que non procedían esas suxestións, que eles si pensan que ían revitalizar a feira, que ían poñela en valor. Tamén hai un informe en contra dos técnicos, da secretaria, e por todo iso, van votar en contra da ordenanza, porque consideran que só se trata de facer caixa.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que, respecto dos motivos dados polo voceiro de EU para non votar a prol da ordenanza, ningún deles fai referencia á propia ordenanza, fala dun informe da Policía Local, fala da colocación, fala do tráfico, do aparcadoiro, etc. Di que o que se está aprobando aquí hoxe é o texto da ordenanza, e o resto son cousas accesorias que non teñen que ver coa ordenanza propiamente dita.

Di que o informe da Policía Local debe facerse cando se licite a distribución de postos. É dicir, na propia convocatoria de licitación é cando a Policía Local terá que informar sobre onde exactamente se van situar os postos, polo tanto, ningún deses argumentos afectan á ordenanza.

En canto aos argumentos que dá o BNG, di que é certo que se lles dixo que as súas propostas non procedían, porque ningunha delas teñen que ver coa ordenanza, refírense a temas de animación, aos problemas das liñas de autobuses, etc. Están moi ben, as terán en conta, e parécenlle unhas propostas que si que teñen que valorar, pero que tampouco afectan ao texto da ordenanza, por iso non lle parece que poidan dicir que non votan a prol por eses motivos, será por outros aspectos, porque non se trata da ordenanza, senón que se están facendo alusións a cousas accesorias.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que dicir que non ten que ver coa ordenanza é unha apreciación da Sra. concelleira, eles consideran que si ten que ver, ten que ver coa feira de Cambre, que é do que están falando. Trátase dunhas necesidades que son complementarias á ordenanza, e eles así o aprecian.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe sinala que, en todo caso, son cuestións que non deben de regularse nunha ordenanza de venda ambulante.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto manifesta que dende o seu grupo estiveron mirando ordenanzas doutros concellos, e regúlase o que se queira regular, é dicir, hai algunha ordenanza que regula de que lado van aparcar os coches, que tipo de actividades vai haber, etc. A concelleira pode dicirlle que o equipo de goberno non quere que nesta ordenanza se inclúa todo iso, vale, para iso son o grupo de goberno,

están no seu dereito, igual que ela está no seu dereito de votar en contra. Non se vai abster, porque o que se abstén permite que unha ordenanza así vaia para adiante, e esa non é a súa intención.

Cre que neste momento, se se fai con tanta premura, cando está a punto de saír un regulamento da Xunta, debe ser con afán de revitalizar a feira, de poñela en valor e demais, polo que si que se poden regular, outra cousa é que o equipo de goberno non queira, pero o que non deben dicir é que eses temas non se regulan nunha ordenanza, porque neste tipo de ordenanzas vense reguladas cantidade de cousas.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe sinala que, en todo caso, para votar, o mínimo que hai que facer é ler a documentación, porque o informe que hai de Secretaría é totalmente favorable á ordenanza.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que el vai manter o voto da comisión e vaise abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM (PGD), vota en contra a concelleira do BNG e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e don José Antonio Baamonde López, concelleiro do GM (PdC).

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da venda ambulante no Concello de Cambre.

Segundo: Abrir un período de información pública e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do concello, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que serán resoltas pola Corporación.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e, polo tanto, definitivamente aprobada a ordenanza de referencia, que entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, todo isto de conformidade co establecido no artigo 70.2 da citada lei.

5º Proposta de aprobación provisional de imposición e ordenación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante, así como da súa Ordenanza fiscal reguladora

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo de data 22 de marzo de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 24 de abril de 2012.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, explica que se trata da ordenanza fiscal que vai aparellada á ordenanza reguladora que acaban de aprobar.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que a eles preocúpalles o tema dos importes que se van pagar. Preguntan se van poder fraccionar o pago trimestralmente ou semestralmente, xa que hai vendedores aos que lles pode resultar bastante gravoso liquidar anualmente esas imposicións. Solicita que se lles facilite o pago e que non sexa tan gravoso pagar todo ao principio.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, contesta que, en principio, o feito de que a ordenanza prevea unha taxa de devengo anual, non quere dicir que non poida fraccionarse en cotas trimestrais ou semestrais, de feito xa nas bases de execución do orzamento se recolle esa posibilidade, e, en caso de que non estivera contemplado na norma, poden acollerse á Lei xeral tributaria que tamén prevé que calquera débeda tributaria, calquera taxa, poida fraccionarse para maior comodidade.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM (PGD), vota en contra a concelleira do BNG e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e don José Antonio Baamonde López, concelleiro do GM (PdC).

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar provisionalmente a imposición e ordenación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante.

Segundo: Aprobar provisionalmente a ordenanza fiscal número 23 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante, segundo se transcribe a continuación:

“ORDENANZA FISCAL N° 23

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello establece a "Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante" no municipio de Cambre, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artículo 2º: Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa, a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante. Considérase venda ambulante a realizada por comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente, de xeito habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados, en instalacións desmontables ou transportables, incluíndo os camións ou vehículos-tenda, carriños e outras instalacións de carácter itinerante.

A venda ambulante tan só se poderá levar a cabo en calquera das modalidades previstas na ordenanza xeral reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cambre.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta ordenanza, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, a favor de quen sexa outorgada a autorización para a realización da venda ambulante.

Artigo 4º.- Responsables

1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei xeral tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º.- Cota tributaria

1.- A cota tributaria da taxa será a seguinte:

A.- Tarifa aplicable á venda ambulante realizada en mercados periódicos ou fixos:

0,7095 euros / m² / día

B.- Tarifa aplicable á venda ambulante realizada en mercados ocasionais ou ocupacións esporádicas:

1,161 euros / m² / día

2. Para os efectos previstos para a aplicación do apartado anterior, terase en conta o seguinte:

- a) Se o número de metros cadrados do aproveitamento non fose enteiro redondearase por exceso para obter a superficie ocupada.
- b) Para a determinación da superficie a ocupar terase en conta a colocación de toldos, separadores, e outros elementos auxiliares, co fin de computar o perímetro total de ocupación.

Artigo 6º. - Devengo e período impositivo

A taxa devengarase cando se inicie o aproveitamento, momento que, para estes efectos, enténdese que coincide co de concesión da autorización, se a mesma foi solicitada.

Cando se producise o uso privativo o aproveitamento especial sen solicitar autorización, o devengo da taxa terá lugar no momento do inicio do dito aproveitamento.

A presente taxa ten natureza periódica, devengándose no primeiro día do período impositivo, que coincidirá co ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cesamento na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local, casos nos que procederá aplicar o prorrateo mensual correspondente ao período de ocupación real do dominio público.

No caso de autorizacións para o exercicio da venda ambulante fóra das feiras e mercados periódicos organizados, a taxa devengarase no momento de concesión da autorización. Nestes casos o período impositivo coincidirá con aquel determinado na autorización municipal.

Cando a alteración na autorización se produza por cambio de titularidade, durante a vixencia dela, terá efectividade no período impositivo seguinte ao que tivera lugar.

Artigo 7.- Réxime de declaración e ingreso

1.- As cantidades esixibles conforme ás tarifas previstas no artigo 5 desta ordenanza liquidaranse por cada aproveitamento autorizado ou realizado.

2.- O ingreso da taxa realizarase:

- a) Tratándose de autorizacións para o exercicio da venda ambulante en feiras e mercados periódicos organizados, unha vez notificada a alta no padrón correspondente e

no caso de prórroga da autorización, por anos naturais no lugar e forma que se estableza e que se notificará mediante edictos.

b) Tratándose de autorizacións para o exercicio da venda ambulante fóra das feiras e mercados periódicos organizados, os solicitantes presentarán a autoliquidación da taxa e xustificante de ter ingresado a cota no momento de presentar a correspondente solicitude. Este ingreso terá a consideración de depósito previo e unha vez concedida a autorización aplicarase á liquidación que resulte.

Cando, existindo autorización, non sexa efectiva a ocupación por causa imputable ao suxeito pasivo, non procederá a devolución da taxa, agás nos supostos que, no seu caso, se contemplan na Ordenanza reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cambre.

Artigo 8º. - Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como a determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime establecido na Lei xeral tributaria e nas súas disposicións complementarias e regulamentarias e, en particular, polo establecido no réxime sancionador recollido na Ordenanza reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cambre.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Terceiro: Esta ordenanza fiscal reguladora da taxa, comezará a aplicarse a partir do día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Cuarto: Expor ao público no taboleiro de anuncios do concello os citados acordos provisionais, así como o texto completo da nova ordenanza fiscal durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Quinto: Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar, así como o texto desta nova ordenanza.

6º Proposta de aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal núm.8, reguladora da taxa por outorgamento de licenzas de apertura de establecementos

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo de data 19 de abril de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 24 de abril de 2012.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que, para explicarlle ao público asistente o que están votando, quere dicirlles que esta é a ordenanza fiscal que tiñan pendente, e que lles permitirá reducir de forma moi significativa o prazo para a concesión de licenzas de actividade. Aprobárase hai uns plenos a ordenanza reguladora da concesión de licenzas de actividade, e estaba pendente a fiscal. Por unhas cuestións internas atrasouse uns meses, agora, a partir da aprobación definitiva, tanto da ordenanza reguladora como da ordenanza fiscal, todos os veciños que queiran iniciar un negocio que cumpra unha serie de requisitos poderán iniciar as súas actividades sen ter que agardar a que o concello lles conceda a licenza. Poderá facerse a través dunha declaración responsable ou comunicación previa.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM (PGD), vota en contra a concelleira do BNG e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e don José Antonio Baamonde López, concelleiro do GM (PdC).

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar provisionalmente a modificación íntegra da ordenanza fiscal núm. 8, quedando redactada co seguinte teor literal:

“ORDENANZA FISCAL N° 8

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola realización de actividades administrativas con motivo da apertura de establecementos

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polo artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e, de conformidade co disposto nos artigos 2, 15 a 19 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004,

de 5 de marzo, que aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello establece a taxa pola realización de actividades administrativas con motivo da apertura de establecementos, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, conforme ao establecido nos artigos 20 a 27 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, así como en aplicación da Lei 17/2009, de 23 novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio.

Artigo 2º. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible desta taxa o desenvolvemento da actividade municipal, técnica e administrativa de control e comprobación a efectos de verificar se a actividade realizada ou que se pretende realizar se axusta ao cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial, urbanística e medioambiental que resulte aplicable en cada momento a calquera establecemento industrial, comercial, profesional, de servizos e espectáculo público ou actividade recreativa, así como as súas modificacións, xa sexan da actividade ou do titular da actividade. Todo isto de acordo coas facultades de intervención administrativa conferidas polo artigo 84 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 5 e 22.1 do Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado por Decreto de 15 de xuño de 1955, modificado polo Real decreto 2009/2009, de 23 de decembro.

2. Estarán suxeitos a esta taxa todos os supostos establecidos na Ordenanza reguladora do exercicio de actividades e de apertura de establecementos, nos que resulte obrigatoria a solicitude e obtención de licenza ou, no seu caso, a realización da actividade de verificación ou control posterior do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial cando se trate de actividades non suxeitas a autorización ou control previo e, entre outros, os seguintes:

a) A primeira instalación dun establecemento ou actividade industrial, comercial, profesional ou de servizos.

b) Ampliación de superficie de establecementos con licenza de apertura.

c) Ampliación de actividade en establecementos con licenza de apertura.

d) Ampliación de actividade con ampliación de superficie en establecementos con licenza de apertura.

e) Reforma de establecementos con licenza de apertura, sen cambio de uso.

f) A reapertura de establecemento ou local, por reiniciar esta o titular que obtivo licenza no seu día, se a licenza non tivese caducado.

g) Estarán suxeitos á taxa a apertura de pequenos establecementos e as licenzas temporais de apertura para locais que se habiliten con ocasión da celebración de festas.

h) A posta en coñecemento da Administración de calquera modificación dunha actividade que xa realizou a preceptiva declaración responsable ou comunicación previa.

i) Cambio de titular nas actividades nas que xa se realizou a preceptiva declaración responsable, tendo tal consideración a posta en coñecemento da administración do dito cambio por persona distinta, que seguirá exercéndoa sempre que, tanto a propia actividade, como o establecemento onde se desenvolva e as súas instalacións, non tivesen sufrido modificacións respecto da desenvolvida polo anterior responsable e conforme á súa declaración, salvo as que expresamente se impoñan por precepto legal.

3. Para os efectos desta taxa, entenderase por establecemento toda edificación, instalación ou recinto cuberto ou ao aire libre, estea ou non aberto ao público ou como complemento ou accesorio doutro establecemento ou actividade principal, destinado habitual ou temporalmente ao exercicio de actividades económicas por conta propia.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria e o artigo 23.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, titulares ou responsables da actividade que se pretende desenvolver ou que xa se estea a desenvolver en calquera establecemento industrial, mercantil ou de servizos en xeral, que inicien expediente de solicitude de licenza para ela ou, no seu caso, presenten comunicación previa ou declaración responsable.

2. Terán a condición de substitutos do contribuínte as persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 23.2 a) do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, propietarios dos inmobles en que se pretende desenvolver ou xa se estea a desenvolver a actividade industrial, mercantil ou de servizos en xeral.

Artigo 4º. - Responsables.

Responderán solidaria e subsidiariamente deste tributo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41, 42 e 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria

1.- A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a actividade, modulada en función da superficie do local, de acordo coa tarifa que contén o apartado seguinte.

2.1.- As cotas tributarias determinaranse de acordo coa seguinte tarifa:

DESCRICIÓN	TARIFA
1.- Actividades sometidas ao trámite de comunicación previa:	250,00 euros
2.- Actividades sometidas ao trámite de declaración responsable:	500,00 euros
3.- Actividades sometidas a licenza de actividade ou apertura:	
Actividades suxeitas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental e as incluídas no regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas:	800,00 euros
Instalación de antenas de telefonía móbil:	6.000,00 euros
Outros supostos sometidos a licenza:	650,00 euros
4.- Cambios de titularidade:	75,00 euros

2.2.- Ás cotas determinadas no apartado anterior se lles aplicará un coeficiente en función da superficie total do local, de acordo coa seguinte escala:

Ata 50 m ²	1,00
De 51 a 100 m ²	1,30
De 101 a 200 m ²	1,50
De 201 a 500 m ²	1,80
De 501 a 1.500 m ²	2,00
De 1.501 a 3.000 m ²	2,10
De 3.001 a 10.000 m ²	2,20
De 10.001 a 20.000 m ²	2,30
Máis de 20.001 m ²	2,40

3.- Cando nun establecemento se exercesen varias actividades, para os efectos de cómputo de tarifas desta ordenanza, terase en conta a cota por esta taxa máis alta das que correspondan.

4.- En caso de renuncia ou desistimento formulado polo solicitante con anterioridade á concesión da licenza, no seu caso, ou con anterioridade ao inicio da actividade, nos demais casos, as cotas a liquidar, sempre que a actividade municipal se iniciase efectivamente, serán:

a) do 25 por cento das establecidas se a renuncia ou desistimento se producise no prazo dun mes a partir da solicitude.

b) do 50 por cento se a renuncia ou desistimento se producise posteriormente ao dito mes.

Artigo 6º. - Exencións e bonificacións.

Non se concederá ninguna exención nin bonificación na exacción da taxa.

Artigo 7º. Devengo

1. Devéngase a taxa e nace a correspondente obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impositivo. Para estes efectos, entenderase iniciada a dita actividade:

a) En actividades suxeitas a licenza de apertura, na data de presentación da oportuna solicitude da licenza.

b) En actividades non suxeitas a autorización ou control previo, no momento de presentación da declaración responsable ou comunicación previa de inicio da actividade.

Momentos, no seu caso, no que deberá ingresarse a totalidade do seu importe, mediante o modelo de autoliquidación correspondente que facilitará o concello para tal efecto.

2. Cando a apertura tivese lugar sen ter obtido a oportuna licenza ou ter realizado a declaración responsable ou comunicación previa, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para autorizar a apertura do establecemento ou decretar o seu peche, se non fora autorizable a dita apertura.

3. En caso de que o acordo municipal de resolución do expediente sexa denegatorio da licenza solicitada, no seu caso, non existirá devengo da taxa e, por tanto, non nacerá a obriga de contribuír, procedendo, por tanto, á devolución da cota ingresada en virtude do establecido no artigo seguinte.

Artigo 8º. Xestión

1. Se despois de formulada a solicitude de licenza de apertura, comunicación ou declaración de inicio e practicada a autoliquidación e o seu ingreso, se variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento ou se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións haberán de poñerse en coñecemento da Administración municipal, nos termos establecidos na normativa aplicable, achegando unha nova autoliquidación non seu caso.

2. As autoliquidacións presentadas polo contribuínte, para os efectos desta ordenanza, están sometidas a comprobación administrativa. Finalizada a actividade municipal e unha vez ditada resolución administrativa, practicarase, no seu caso, a liquidación

definitiva que será notificada ao suxeito pasivo debendo ser aboada, en periodo voluntario, nos seguintes prazos:

a) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Artigo 9º. - Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións e sancións tributarias, así como nas sancións que a estas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria.”

Segundo: Expor ao público no taboleiro de anuncios do concello o acordo provisional, así como o texto completo da ordenanza fiscal modificada durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Terceiro: Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo que, unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar, así como o texto da ordenanza modificada.

Cuarto: Esta ordenanza fiscal definitivamente aprobada, comezará a aplicarse a partir do día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

7º Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de Cambre durante 2012

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado de data 10 de abril de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 24 de abril de 2012.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que nas pasadas comisións informativas faláron de incluír nas bases da convocatoria a eliminación do solo de idade para deportistas de menos de 13 anos. Pregunta se está previsto que se recolla.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, sinala que quedaron en estudalo.

Don Jesús Bao Bouzas expón que, en todo caso, eles manteñen esa proposta. Tamén di que nas bases da convocatoria parécelles excesiva a contía máxima que pode percibir un único bolseiro, neste caso son 1.200 euros nun orzamento de 10.000, o que supón máis do 10% do orzamento total, por iso propoñen que a contía máxima por bolseiro sexa de 600 euros, para poder chegar ao maior número de deportistas posibles. Trataríase de universalizar o acceso dos deportistas de Cambre ás bolsas.

Por outra parte, parécelles un contrasentido poder retirar máis do 60% da contía dunha bolsa a un deportista polo feito de padecer unha lesión como consecuencia da práctica deportiva, máis aínda cando, en moitos casos, é o propio deportista quen ten que custearse os gastos derivados da súa recuperación. Por iso solicitan e someten á súa consideración, que se retire o parágrafo que establece ese criterio.

Conclúe dicindo que se o equipo de goberno acepta estas propostas, o seu grupo votará a prol, en caso contrario, absteranse.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez, concelleiro do PP, manifesta que, respecto do solo de idade que se fixa nas bases, a raíz da consulta realizada polo grupo socialista, solicitoulle información aos técnicos que as redactaron, e o que lle dixeron é que son unhas bolsas para categoría semiprofesional, elite en moitos dos casos da xente que opta ás bolsas, en ningún caso son unhas bolsas de tecnificación, nas cales si cabería a apertura universal que o PSOE propón.

Di que o feito de que os importes sexan desas cantidades, os máximos, é precisamente porque ao considerarse categoría elite, evidentemente os custos son moitísimo maiores, e o que pretenden é subvencionar a maior parte posible dentro duns criterios de libre competencia.

Conclúe dicindo que, ademais, todas as bolsas deste tipo que teñen, tanto deputacións como organismos autonómicos, incluso estatais, fixan un solo, cuns criterios técnicos que lles pode facilitar sen ningún problema.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que nas comisións informativas do pasado martes a súa proposta de eliminar o solo de idade era para que, dalgunha maneira, os deportistas de Cambre de alto nivel, non de elite, senón de alto nivel, que tamén os hai, de menos de 13 anos, cun currículum que para si quixeran moitos deportistas profesionais, tiveran acceso a unhas axudas a través, neste caso, da

administración local.

Tamén dixeron que lles parecería aceptable ese solo de idade se houbera unha convocatoria ulterior que permitira o acceso a este tipo de bolsas a deportistas de menos idade. O Sr. concelleiro de Deportes contestou que non, e por iso eles consideran que deberían propiciar dende o espírito desta convocatoria que todos os deportistas de Cambre, teñan a idade que teñan, teñan acceso a axudas, deste tipo ou doutro tipo. Di que ese é un pouco o sentido da súa proposta do pasado martes, e lémballe que tamén foi ratificado polo voceiro de UxC.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez contesta que, como non podía ser doutra forma, a raíz desas propostas pediuse o consello dos técnicos municipais, e o consello deses técnicos foi rotundamente no sentido de non eliminar o solo fixado, polos problemas que podería xerar, dado que non están destinadas para universalizarse, senón que son bolsas para un público moi concreto.

Conclúe dicindo que ese é o consello dos técnicos e el, neste caso, guíase por eles.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles, nas comisións, xa dixeron que estaban de acordo coa proposta do partido socialista, xa que era unha proposta que eles tamén traían. Di que, de todas formas, vanse abster e o que van facer é, para o ano que vén, propoñer, para consideración do goberno municipal, a creación dunha bolsa para menores de 13 anos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo vaise abster neste punto, e di que o que procede neste caso é que para a vindeira ocasión se cambien as bases, para intentar que non sexan discriminatorias coas persoas que os anteriores voceiros acaban de mencionar, e que estas subvencións poidan ser máis equitativas, incluso para favorecer e promocionar o deporte de base no concello.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que dende o seu grupo vai manter o voto da comisión e vaise abster.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que vai modificar o voto da comisión, e vai apoiar a proposta, aínda que tamén está de acordo co que acaban de dicir os seus compañeiros da oposición, e pide que, para o ano que vén, se teñan en conta todas as idades.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e a concelleira do BNG.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2012, que se achegan como anexo I.

Segundo: Aprobar os modelos normalizados de solicitude e xustificación da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2012, que se achegan como anexo II e anexo III respectivamente.

Terceiro: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do concello, así como darlles publicidade mediante anuncio nun dos xornais de maior tirada da provincia.

8º Proposta da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación de solicitude de autorización de instalación dunha botica anexa de emerxencia na urbanización da Barcala

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación de data 19 de abril de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 24 de abril de 2012.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, explica que realmente se trata dunha proposta para a instalación dunha farmacia na Barcala. Trátase dunha solicitude que fixeron os veciños da zona, a través da recollida dun montón de sinaturas, e tamén é unha proposta que levaban todos os grupos políticos nos seus programas. Explica que, a solicitude dunha botica anexa, é para o caso de que non sexa posible instalar a farmacia. O seu funcionamento é exactamente igual ao dunha farmacia, polo que sería o mesmo servizo para os veciños.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai votar a prol, porque é unha necesidade nesa zona, un servizo que demandan os cidadáns, nun núcleo con preto de 3000 habitantes. Parécelles moi importante que se cubra esa necesidade.

Tamén é importante que esas farmacias ou eses despachos de farmacia que poden corresponderlle a Cambre, e que segundo os argumentos que fai o equipo de goberno poderían faltar un ou dous, que se traten de cubrir coa maior premura posible.

Para eles é moi importante que esas dúas farmacias que poden faltar, a maiores da que solicitan para a Barcala, se redistribúan nas outras parroquias, porque tamén deben ter en conta que o despacho que había na zona de Brexo-Lema, pasou para Cambre, e hai zonas bastante desatendidas. Por iso, gustaríalles que se pedira á Consellería de Sanidade, ou ao colexio de farmacéuticos, que se faga unha ampla redistribución, e que se cubra a maior parte de zonas do concello posible.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu voto vai ser a prol. Di que eles tamén o levaban no seu programa electoral e, ademais, o 18 de xullo do ano pasado pediron por rexistro ao Sr. alcalde que fixera as xestións oportunas para levar a cabo o que están a votar hoxe, polo tanto, dá as grazas e di que o voto do seu grupo vai ser favorable.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que para o seu grupo está máis que xustificado que os veciños da Barcala teñen unha necesidade urxente. Cre que deberían facer todos os esforzos posibles para que se estableza unha farmacia na zona.

Continúa dicindo que o que si lle gustaría é facer varias apreciacións. A primeira é que non poden entrar en competencias coa parroquia do Temple. Di que hai algúns informes, e incluso a proposta da Sra. concelleira así o di, sobre a posibilidade de trasladar á Barcala unha farmacia que está concedida no Temple. El cre que se a farmacia está concedida no Temple, se agora está vacante, cando determinen a persoa á cal lla conceden, será esa persoa a que decida onde instalar a farmacia.

Cre que non deberían entrar en competencia coa parroquia do Temple, porque todos saben que é a parroquia maioritaria, e se a farmacia viñera para a Barcala, estarían falando dun núcleo pertencente á parroquia de Cambre, co cal resultaría que Cambre, con menos poboación, tería unha farmacia máis que O Temple, e iso podería ser motivo de botar anos con recursos e a farmacia sen instalar. En todo caso, o que pretende toda a Corporación é que se instale unha farmacia na Barcala.

Por outra parte, cre que deben ser contundentes coa esixencia á Consellería da instalación da farmacia que lle falta a Cambre. A Cambre correspóndelle, por poboación, unha farmacia máis, e teñen que ser contundentes para que se instale. Saben que no ano 2010 instalouse unha nova farmacia en Cambre, que se podería ter instalado na Barcala, pero a farmacéutica non quixo e polos seus intereses preferiu instalala no centro, e iso pode pasar sempre.

Por outra parte, a farmacia que estaba en Lema non se instalou en Cambre, instalouse na parroquia de Cela. En todo caso, a Cambre correspóndenlle tres farmacias, e teñen que loitar para que se instalen.

Respecto do tema da botica de emerxencia, pensa que non poden renunciar a que A Barcala teña unha farmacia de primeira. Por moito que se diga da botica, el cre que a farmacia da Barcala ten que ser unha farmacia con todas as consecuencias e por iso teñen que loitar. En todo caso, se os veciños da Barcala queren unha botica de emerxencia, evidentemente, non se van opoñer.

Continúa dicindo que tamén hai uns informes que poden entrar en contradición. Hai un informe solicitado á Policía Local onde se di que a distancia dende A Barcala á farmacia de Cambre, cre que é de quilómetro e medio, é á da Tapia, uns dous quilómetros. Pero

di que hai outro informe, da coordinadora de Servizos Sociais, onde di que a distancia é de tres quilómetros. Sinala que este é outro motivo para que estean anos enzarzados en recursos. Con estas cousas hai que ser moi precisos, porque se hai un ou dous quilómetros, non hai tres.

Conclúe dicindo que a proposta da concelleira debería reiterar, tanto ao colexio de farmacéuticos como á propia consellería, a esixencia da instalación da farmacia da Barcala, iso en función dunha moción aprobada por unanimidade no pleno de 28 de outubro de 2010. Cre que nese sentido deberían ser contundentes, en todo caso, o seu grupo vai votar a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que dende o seu grupo queren felicitar á concelleira de Sanidade por esta proposta, que agardan que chegue a bo termo, para así cubrir unha demanda dos veciños dende hai anos. O seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que vai votar a prol, felicitando ao goberno pola proposta presentada, e desexando que se instale canto antes.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel explícalle ao voceiro de EU que a distancia que figura no informe da Policía Local é porque se mide en liña recta, en todo caso, eses planos vanse achegar á petición, non se quere mentir sobre os quilómetros. A técnica de Servizos Sociais o que fixo é reflectir a distancia para chegar, que non é en liña recta, aproximadamente tres quilómetros.

En canto ao tema de esixir a farmacia dille que iso é o ideal, é o que van intentar, pero aínda que se conceda para Cambre outra farmacia, non se lle pode obrigar a ninguén a que instale a farmacia onde o concello queira. A farmacia concédese para Cambre, e se queren facelo no centro, non poden impedilo. Di que eles van a intentalo, fixeron os informes nese sentido para salientar a necesidade dunha farmacia que ten A Barcala, pero, como xa dixó, non se pode obrigar a ningunha persoa que monta un negocio a que o instale onde o concello queira.

No que se refire á farmacia do Temple, a convocatoria quedou deserta, por iso piden que esa convocatoria a cambien momentaneamente para A Barcala, e a que hai que solicitar agora nova, que sexa para O Temple, incluso, como dixeron os concelleiros do PSOE, que se faga un estudo polo resto do municipio. En todo caso, en principio suxerían facer o cambio, porque agora mesmo, afortunadamente, O Temple ten mellor servizo que A Barcala, é máis urxente nestes momentos na Barcala. Logo, a próxima farmacia, que se volva conceder para O Temple, porque si que se vai solicitar a farmacia que corresponde.

Conclúe dicindo que, nese sentido, van intentar que a prioridade sexa unha farmacia, e, de non ser posible, mentres ninguén queira montar alí unha farmacia, instalar unha

botica anexa. Agradece o apoio de todos os grupos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que lle parece que non falou de obrigarlle a ninguén a montar a farmacia que se conceda para Cambre, na Barcala, senón todo o contrario, pero a Sra. concelleira acaba de falar de cambiar a farmacia do Temple para A Barcala, e esa é unha decisión das persoas ás que lla concedan porque iso está perfectamente regulado, ágas que, ao mellor, o alcalde fale coa administración amiga, que é a Xunta de Galicia, e poidan facer unha excepción, ao mellor todo pode ser.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que hai un erro de interpretación nas palabras, non hai que falar da farmacia, hai que falar da concesión. O que están intentando é que a concesión que quedou deserta no Temple, que en lugar de volver a concederse no Temple, esa concesión sexa na Barcala.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que el o que entende é que a concesión se fai en función do número de habitantes, e sendo así, ao Temple correspóndelle esa farmacia que está agora vacante, e a persoa a quen lla adxudiquen proximamente, esa é a persoa que decidirá onde instalala.

Por outra parte, respecto do tema dos quilómetros di que supón que estará perfectamente previsto como se teñen que medir os quilómetros, en liña recta ou pola estrada, pero el facía referencia a iso porque quere salientar que ese tipo de cuestións poden ser motivo de recursos, e niso hai un montón de experiencias. Hai farmacias paralizadas dende hai 10 ou 12 anos por esas historias pequenas, e por iso di que hai que ser moi precisos e contundentes.

Conclúe dicindo que, en todo caso, parece un contrasentido que un núcleo tan importante como é A Barcala, que ten 3.000 habitantes, non teña un servizo básico e de primeira necesidade, como é unha farmacia.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, a concelleira do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: No suposto de que do expediente que se atopa actualmente en trámite de adxudicación no Colexio Oficial de Farmacéuticos da Coruña, con base no Real decreto 909/1978, de 14 de abril, non resultara ningún adxudicatario, solicitar da Consellería de Sanidade autorización para a instalación dunha botica anexa de emerxencia no núcleo urbano da Barcala.

Segundo: No suposto de que non fora posible obter a dita autorización, solicitar á Consellería de Sanidade a posta en marcha dos mecanismos legalmente necesarios para

que a oficina de farmacia autorizada no Temple, e actualmente vacante, poida ser instalada no núcleo urbano da Barcala, por considerar que a parroquia do Temple, con 8.489 habitantes, e dúas farmacias abertas, conta con suficiente servizo farmacéutico, do que carece, a día de hoxe, o núcleo da Barcala, con preto de 3.000 habitantes.

Terceiro: Tendo en conta que segundo a última revisión do padrón municipal de habitantes aprobada a 1 de xaneiro de 2011, o municipio de Cambre conta cunha poboación de 23.649 habitantes, e de conformidade co establecido nos artigos 18 e 19 da Lei 5/1999, de 21 de maio, de ordenación farmacéutica, e artigos 3 e 15 do Decreto 146/2001, do 7 de xuño, sobre planificación, apertura, traslado, cerramento e transmisión de oficinas de farmacia, solicitar á Consellería de Sanidade que inicie o procedemento administrativo de autorización de apertura e funcionamento dunha nova oficina de farmacia no municipio de Cambre, a situar na parroquia do Temple.

9º Moción conxunta presentada polos grupos municipais do PSdeG-PSOE, UxC, EU, BNG e concelleiro de PdeC, contra a privatización e suba de tarifas das escolas infantís pertencentes á Xunta de Galicia

O Sr. alcalde explica que este texto van a tratalo e van a debatilo, pero non o van votar, xa que, como faloron na xunta de voceiros, segundo o art. 125 do Regulamento orgánico municipal realmente non están ante unha moción, senón ante un rogo, e isto non ten efectos xurídicos.

Rexistrada de entrada ao núm. 5068 o día 20 de abril de 2012. Consta do seguinte teor literal:

“A Lei de servizos sociais de Galicia establece proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e possibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral. Así, a ampliación e mellora das escolas infantís de 0 a 3 anos, como recurso educativo e de prestación de servizos ás familias galegas, contribúe ao desenvolvemento integral dos nenos e das nenas e a fomentar a corresponsabilidade e conciliación da vida laboral e familiar.

A construción dunha rede pública galega de centros de educación infantil de 0 a 3 anos, de calidade e en cooperación cos concellos, foi unha peza fundamental para o logro deste obxectivo, e con esta finalidade creouse no anterior goberno da Xunta de Galicia o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, que consolidou e ampliou a rede de escolas infantís públicas.

Cando o goberno do PP tomou posesión había 85 galescolas ou escolas infantís en funcionamento, dispoñendo de 3.942 prazas. Ademais había outras rematadas ou a piques de ser rematadas e unha boa cantidade delas coa tramitación iniciada ou licitadas. O goberno do PP atrasou a posta en funcionamento de moitas delas e incumpriu moitos protocolos e acordos establecidos con numerosos concellos para a construción de escolas infantís.

Agora o goberno do PP inicia a privatización pola vía de urxencia deste servizo público e incrementa escandalosamente os prezos públicos a pagar polas familias usuarias delas (o goberno do PP aprobou o pasado día 19 de xaneiro un incremento pola atención educativa que pasa de 110 euros a 160 euros, que supón un incremento de case o 50% e un incremento do 112% do servizo de comedor, que pasa a máis do dobre, de 33 euros a 70 euros), sen ter en conta a delicada situación de moitas familias que agrava a actual crise económica, os recortes sociais e a política impositiva do PP.

Os grupos firmantes desta moción opoñémonos á privatización das escolas infantís da rede pública do Consorcio de Igualdade e Benestar. Esta rede foi concebida como un servizo público e como tal debe seguir funcionando. Por outro lado, a xestión privada destas escolas empeora a calidade e o servizo, e o persoal contratado non ten garantidas as mesmas condicións laborais que as escolas de xestión pública, nin se garante tampouco a mesma oferta no servizo, nomeadamente no que ten que ver coa parella educativa (presenza de dúas persoas en cada aula para facilitar a redución da ratio por educador para mellorar a atención ás crianzas).

O camiño iniciado polo Consorcio de Igualdade e Benestar para privatizar as escolas de nova apertura, xera, ademais, incerteza respecto do carácter das escolas infantís en funcionamento e sobre o futuro laboral das traballadoras e traballadores que non contan con contrato laboral fixo.

Finalmente, os grupos firmantes desta moción na Corporación municipal de Cambre entendemos que é inaceptable que as traballadoras e os traballadores do Consorcio, dependentes da Consellería de Trballo e Benestar, leven, neste momento, cinco anos sen que se atenda a súa reivindicación de seren incluídas no Convenio do persoal laboral da Xunta de Galicia. Entendemos que non é de recibo que a consellería, no canto de velar polos dereitos das traballadoras e dos traballadores, manteña ao seu persoal sen un dereito básico como é negociar e regular as súas condicións laborais mediante convenio, o que significa para estas traballadoras e traballadores estar nunha situación de absoluta precariedade e cunhas retribucións mínimas.

Por todo o exposto é polo que os grupos municipais firmantes desta moción solicitan do pleno da Corporación municipal de Cambre a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Trasladarlle á Consellería de Trballo e Benestar Social e á Xerencia do Consorcio de Igualdade e Benestar a súa oposición á privatización dos servizos ofertados polo Consorcio, a esixencia de que tanto os centros actuais como os de nova apertura sexan de xestión pública e o apoio ás traballadoras e aos traballadores na súa demanda laboral de seren incorporados ao Convenio colectivo de persoal laboral da Xunta de Galicia.

Segundo: A revisión dos prezos públicos da escola infantil e que se teña en conta a capacidade económica das familias ou das persoas que precisan este servizo.

Terceiro: Dar traslado da presente moción ás traballadoras e traballadores da escola infantil da Barcala.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que lle darán traslado desta cuestión ás persoas e entidades que indican, pero gustaríalle matizar que cando o Partido Popular chegou ao goberno da Xunta de Galicia no ano 2009, efectivamente había apenas 4.000 prazas en 85 escolas infantís, e este ano 2012 as prazas son 8.000, exactamente o dobre de prazas en tres anos dende o goberno do PP. De feito, en Cambre xa está apalabrada e financiada unha nova escola infantil, que entrará en funcionamento a partir de finais do vindeiro ano.

Continúa dicindo que, sobre os prezos, que cre que é o tema central da moción, esquecéronse de dicir que só se lles vai aplicar a suba a aquelas familias que teñan rendas altas, porque as familias que non teñan rendas altas van a ter a súa praza subvencionada como a teñen ata agora. Di que só se lles vai aplicar a suba a aquelas persoas que teñan unhas rendas altas e que non teñan dereito a axudas.

Como xa dixo, eles van remitir este asunto aos entes que lles din na moción, non o comparten, porque non é certo que se estean privatizando, senón que están falando dunha forma distinta de xestión dun servizo público, que vai seguir sendo un servizo público. El imaxina que ningún dos concelleiros presentes dubida de que a piscina da Barcala sexa un servizo público, aínda que non se xestiona con persoal do concello, senón que hai unha concesión e está a xestionala unha empresa privada, pero é un servizo público, cre que todo o mundo o pode entender. Aquí estase facendo o mesmo de cara á eficiencia e de cara á redución de custos, para poder seguir incrementando o número de prazas. O obxectivo é a curto prazo, nos próximos dous o tres anos, acadar as 12.000 prazas, que son o obxectivo do 33% que fixa a Unión Europea para escolas infantís en cada unha das comunidades e rexións. Ese obxectivo está case acadado coas obras e escolas infantís que están comprometidas para os dous ou tres próximos anos.

Conclúe dicindo que para poder acadar iso nun marco como no que están, de crise xeralizada, que todos a sufren, teñen que intentar buscar métodos máis eficientes, e para iso teñen que permitir a participación de entidades privadas na xestión dos servizos públicos. Pero di que unha cousa é privatización, que é por exemplo o que se fixo con Iberia, e outra cousa é permitir a entrada de empresas, de particulares, na xestión de servizos públicos. Son cousas ben distintas.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo, a diferenza do equipo de goberno respalda en todos os seus extremos o contido desta moción. Parécenlles inxustificadas, e máis no contexto económico actual, os incrementos deshorbitados respecto da atención e servizos que se prestan nestes centros.

Conclúe manifestando o respaldo e solidariedade do seu grupo para cos traballadores da escola infantil da Barcala, e demais centros, nas súas xustas e lexítimas reivindicacións.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta o seu apoio, con todas as consecuencias, a todo o contido da moción.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta respecto do que dixo o Sr. Andreu da privatización, que, efectivamente, antes levaba esta materia un organismo público, como é o Consorcio, e agora a xestión de moitas delas, igual que na piscina da Barcala, lévase por mans privadas. A iso eles chámano privatizar, efectivamente seguen prestando un servizo público, iso está claro, pero de forma privada, igual que os colexios concertados prestan un servizo público, pero son xestionados por empresas privadas. Neste caso, o Consorcio xa non ten o papel que tiña, e son empresas privadas, nalgúns casos, non todos, as que están entrando a xestionar as escolas da Galiña Azul.

O Sr. alcalde reitera que darán traslado deste asunto aos organismos e entidades citados.

10º Mocións ou propostas urxentes

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, a concelleira do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e votan en contra os sete concelleiros do PP e o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por doce votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU.

Moción do grupo municipal de EU sobre a creación dunha bolsa de emprego no Concello de Cambre

Rexistrada de entrada ao núm. 5123 o día 21 de abril de 2012, coa modificación rexistrada de entrada ao núm. 5238 o día 24 de abril de 2012. Consta do seguinte teor literal:

“Cando o pasado mes de marzo traíamos esta moción para o seu debate e aprobación polo pleno, no caso de que procedera, o desemprego rexistrado en Cambre referente ao mes de febreiro, acadaba a cifra de 2.222 parados/as. Un mes máis tarde xa ascende a 2.232 persoas, supoñendo un novo ascenso como o que se ven producindo nos últimos tempos. Sirva como exemplo que en marzo do ano pasado o número de desempregados en Cambre era de 1.964 persoas polo que nun ano o incremento é dun 12%, ou o que é o mesmo, case 300 persoas máis desempregadas no noso concello, 300 familias máis afectadas pola eiva do paro.

Destas familias hai algunhas que xa esgotaron todas as súas prestacións económicas e atópanse ao borde da exclusión social. Fogares familiares onde ningún membro percibe ingreso ningún. Parados/as de longa duración maiores de 50 anos, cuxa integración laboral faise máis complicada aínda, por causa da idade.

Tran grave é esta situación que se require unha resposta inmediata e extraordinaria de todos os grupos políticos que compoñen esta Corporación, especialmente cando o problema do desemprego primou como máxima preocupación en todos os nosos programas electorais, aínda que todos sexamos conscientes que as competencias en materia de emprego son limitadas para os concellos.

Este é o momento de estar á altura e demostrar que a política, está ao servizo dos cidadáns/ás, tendo en conta ademais as previsións económicas xerais e os datos de desemprego locais que evidencian a necesidade de anticiparnos aos acontecementos, e sobre todo colocar dentro das competencias legais, a loita contra o desemprego como obxectivo prioritario ao longo do presente ano 2012.

Certamente as posibilidades reais de modificar sensiblemente esta situación cos escasos medios dispoñibles nun concello de mediano tamaño como Cambre, resultan escasas. Pero iso non xustifica adoptar unha política de pechar os ollos diante dunha realidade na que todos, representantes e representados, vivimos inmersos.

En períodos de recesión económica, todas as administracións públicas temos que asumir a nosa responsabilidade e achegar solucións aos problemas económicos e sociais que se derivan. Dende o Estado, dende a CCAA e dende o municipio, e en función das nosas competencias, os gobernos temos a obriga de arbitrar medidas para paliar os efectos da crise e contribuír a impulsar a economía.

A bolsa de emprego que motiva a presente moción será unha ferramenta útil e que perviva no tempo. A dita bolsa terá como obxectivo manter a transparencia de cara ao reparto equitativo conforme a baremos dos traballos dispoñibles no concello.

Acompañando á creación da dita bolsa, faise necesaria a constitución dunha Mesa do Emprego e Desenvolvemento Local formada por todos os grupos políticos, representantes sindicais, asociacións de veciños, comerciantes e empresarios e coa asistencia de técnicos municipais. A mesa, inicialmente elaborará un regulamento participado por todos os seus compoñentes, no que se establezan os baremos que rexerán as contratacións de acordo con criterios de orde económico, social e técnico.

Os cálculos realizados para a dotación económica inicial a esta bolsa foron realizados partindo da prioridade de que a parte das asignacións ás que, goberno e oposición deberemos renunciar sexan equitativas e equivalentes, sendo igual o esforzo que todos realicemos, co ánimo de que esta Corporación se amose unida ante un proxecto, que traerá emprego ao noso concello, demostrando aos veciños/as que en temas tan criticos

como o que estamos a tratar os seus representantes políticos podemos esquecer diferenzas e colaborar xuntos de xeito activo e positivo na loita contra o desemprego.

Polo exposto o grupo municipal de Esquerda Unida propón ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Constituír unha Mesa de Emprego e Desenvolvemento Local na que participen todos os grupos políticos representados no concello, asistidos polos técnicos municipais xunto con axentes sociais tales como sindicatos, AAVV, comerciantes e empresarios e outras organizacións sociais. A dita mesa elaborará un Regulamento de funcionamento da bolsa de traballo rotativa.

Segundo: Que o dito regulamento conteña, como mínimo os seguintes criterios:

a) *Criterios de orde económico:* Atender a aqueles veciños/as que máis sufran os efectos da crise, é dicir, priorizar a aqueles demandantes que leven máis tempo en situación de desemprego.

b) *Criterios de orde social:* Atender a aqueles cidadáns que teñan especiais dificultades de cara á integración no mercado laboral actual, contemplando baremos tales como a idade e, sobre todo, a situación familiar (fillos menores de 25, desempregados, cónxuxe desempregado, demandante de emprego con antigüidade demostrada, ser cabeza de familia monoparental, discapacidades que non permitan un desenvolvemento normal do traballo, etc.).

c) *Criterios de orde xeral:* Teranse en conta aspectos tales como os seguintes:

- i A bolsa deberá ter un carácter rotatorio.
- ii A duración dos contratos realizados terá un período máximo que permita garantir o acceso de todos os aspirantes ao emprego dispoñible.
- iii A bolsa terá un carácter dinámico e non pechado, admitindo a novos solicitantes de xeito periódico de acordo coas circunstancias existentes.
- iv A Mesa de Emprego estudará a conveniencia de que se poidan reservar determinada porcentaxe de postos de traballo para casos excepcionais (e debidamente xustificadas), con informe preceptivo de Servizos Sociais, que requiran do acceso a unha alta laboral, de cara a superar unha situación transitoria de necesidade perentoria que non poida ser demorada no tempo.

Terceiro: Que facendo uso de medidas legais tales como as modificacións orzamentarias, se destinen como dotación inicial para a creación, consolidación e posta en marcha da bolsa de emprego, as cantidades que seguidamente relacionamos, facendo uso da potestade atribuída ao pleno da Corporación no artigo 22.2 e) da Lei 7/1985 reguladora de bases de réxime local na nova redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, segundo a que unha das atribucións que lle corresponden ao pleno é a “aprobación e modificación dos orzamentos”:

1. Modificación orzamentaria na partida 912.489 “Asignacións a grupos municipais” reducíndoa dos 66.000 euros actualmente orzamentados a 33.000 euros, seguindo o acordo plenario do 28 de marzo, no que quedou aprobada a dita redución, como resultado do voto favorable do pleno da Corporación á moción sometida a debate e aprobación polo grupo municipal de UxC.
A cantidade resultante da dita redución, é dicir, 33.000 euros, será destinada á bolsa de emprego como parte integrante da dotación inicial.
2. Cantidade resultante de reducir as retribucións actualmente fixadas para os cargos en réxime de dedicación parcial por importe de 29.000 euros (BOP 147 de 3 de agosto, por acordo plenario en sesión extraordinaria de 12 de xullo de 2011) á cantidade fixada no acordo plenario do 24 de xuño de 2010, segundo o que se acordara unha redución do 5% sobre a retribución anual dos cargos que desempeñan en réxime de dedicación parcial. A dita retribución foi fixada en 23.239 euros brutos anuais en 14 pagas.
A cantidade resultante da dita redución, é dicir, 5.761 euros brutos por cada un dos cargos serán destinados á bolsa de emprego como parte integrante da dotación inicial, supoñendo un importe total de 34.566 euros.
3. Achega na mesma proporción, por parte do concelleiro non liberado do goberno, da mesma cantidade que o resto de cargos en réxime de dedicación parcial. A dita achega ascenderá á diferenza entre a cantidade que percibe anualmente en concepto de asistencias a xuntas de goberno, comisións informativas, plenos ordinarios e plenos extraordinarios, ata acadar a cantidade bruta anual aproximada de 23.239 euros, igualando deste modo ao resto de cargos en réxime de dedicación parcial.
Para determinar a cantidade resultante de xeito máis concreto e igualmente equitativo co resto de membros da Corporación, propónse a redución da percepción por asistencia á xunta de goberno local dos 450,00 euros actualmente aprobados a 410,00 euros. Aplicando a dita minoración á cantidade inicialmente destinada á bolsa de emprego procedente da mencionada partida ascenderá a 1.920 euros en cómputo anual.
4. Que facendo uso das competencias que nos outorga ao pleno da Corporación municipal a lexislación anteriormente citada, se leven a cabo todas aquelas modificacións orzamentarias consensuadas entre os membros desta Corporación, de partidas de gastos, que poidan ser consideradas supérfluas, en relación co labor social a desempeñar pola bolsa de emprego. Sírvese como exemplo a dotación asignada a comunicacións telefónicas, diferentes partidas destinadas a atencións protocolarias, ou gastos previstos para publicidade e propaganda (todos eles susceptibles de redución). Serán, así mesmo, susceptibles de destinar á bolsa de emprego, igualmente de xeito consensuado polos membros desta Corporación, os excedentes de tesourería resultantes de ingresos extraordinarios ou calquera outro tipo de ingreso carente de contrapartida no orzamento.”

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle á Sra. concelleira de EU que a el parécelle moi ben a moción, pero que pensa que deberían ler os informes, e deixar de utilizar a demagogia. Non hai que crear ningunha mesa, a mesa leva creada no Concello de Cambre dende hai moitos anos.

Considera que o motivo da moción é baixarlle o soldo ao grupo de goberno. Pide que digan claro que ese foi o motivo da moción, pero que para iso non teñen que poñer como desculpa unha bolsa de emprego, nin unha Mesa de emprego e desenvolvemento local. Pregunta que significa iso de que a bolsa terá carácter rotatorio. Ademais, pregunta quen vai contratar a todos eses traballadores dos que falan, os propios compoñentes da mesa, as asociacións de veciños, pregunta quen.

Segue dicindo que esa mesa xa existe no Concello de Cambre, e están atendendo a todos os traballadores, o único problema é que o concello non pode contratar a eses traballadores, porque son as empresas as que poden contratar traballadores, non é o concello. A Axencia de Desenvolvemento Local ten un programa, e está a desenvolvelo. A Xunta de Galicia ten outro programa, e está a desenvolvelo, el non ve como vai funcionar esa mesa que propoñen crear, quen a vai a presidir, ou como se vai sustentar.

Conclúe dicindo que EU tira un foguete ao aire, para que explote, pero que a verdadeira razón da moción é baixarlle o soldo ao equipo de goberno, e soamente ao equipo de goberno. Se leran os informes, tanto da área de Urbanismo, como de Secretaría, como da ADL, terían a resposta, esta moción non tiña que ter vido a pleno, ou se ven a pleno, que veña co verdadeiro motivo, baixarlle o soldo ao grupo de goberno, ese é o único motivo.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que igual que hai que ler os informes, tamén hai que ler as mocións. Di que todas as preguntas que o Sr. alcalde formulou, están contestadas, e a figura da bolsa de emprego existe como tal.

En todo caso, antes de pronunciarse sobre a decisión que van tomar con respecto á moción, si que lle gustaría aclarar algúns puntos. Di que esta é a segunda vez que intentan traer esta moción a debate do pleno nesta lexislatura. A primeira vez foi no pasado pleno do mes de marzo, onde o Sr. alcalde, facendo uso dunha atropeladísima interpretación do Regulamento orgánico, decidiu que ía limitar as mocións que presentaba cada grupo municipal. Iso nunca o fixera dende que comezou esta lexislatura. No salón de plenos veñen debatendo as iniciativas que os diferentes grupos traen ante o pleno, de xeito individual ou de xeito conxunto, con toda a súa lexitimidade, polo que lle pide que non dubide da súa intención de creación dunha bolsa de emprego.

En todos os plenos veu ocorrendo así, menos no pleno pasado, ese pleno foi diferente a todos os demais. Os motivos son máis que evidentes, no pleno de marzo o Sr. alcalde non tiña os informes que hoxe dirimen esta moción, por iso, facendo uso, e dende o seu

punto de vista, abuso, do seu poder de alcalde, e ante a posibilidade de que se aprobase a moción, decidiron que non se lera, así tiñan un mes máis de prazo para intentar buscarlle gretas á moción, que sabían que de aprobarse, que era algo moi probable, suporíalles un recorte no seu salario. Porque di que para o Partido Popular, cando falan doutros, non son recortes, son axustes, pero cando falan deles, aí xa se poñen máis nerviosos, e se hai que provocar que os grupos teñan que abandonar o pleno, dando un espectáculo bochornoso, responsabilidade do Sr. alcalde, o fan, e non se debate a moción.

Continúa dicindo que a moción que hoxe presentan aquí, con total sinceridade, porque levan traballando moito tempo nela, e o seu sentido, o seu partido e a súa ideoloxía están detrás deste tipo de iniciativas, a resumen dun xeito moi simple. Hai que crear unha bolsa de emprego temporal cunha dotación inicial, esa dotación detráese das asignacións a grupos políticos, e dos soldos dos concelleiros, por partes iguais para todos os membros da Corporación, en solidariedade absoluta, dá igual que sexan integrantes do goberno, dá igual que sexan integrantes da oposición.

Esta iniciativa o equipo de goberno tiña que tela apoiado e aplaudido dende o principio. Contrariamente a iso, levan dous meses poñendo paos nas rodas. Supoñen que, tendo en conta as súas declaracións, e a primeira frase do programa electoral do PP, na que dicían “o emprego é unha das maiores preocupacións do Partido Popular de Cambre”, non habería problema coa primeira parte da moción, a creación da bolsa de emprego. Ela é absolutamente consciente de que están de acordo con iso, o problema vén da segunda parte, como o Sr. alcalde ben dixo, o de tocarlles os soldos, aí demostran que é o que lles preocupa, o seu emprego, non o emprego dos desempregados de Cambre.

Respecto dos informes técnicos, di que o Sr. alcalde ten absolutamente razón cando di que hai que traelos lidos, e eles así os traen. Hai tres informes técnicos (Réxime Interior, Secretaría e ADL), e o seu grupo non vai discutir ningún dos termos neles contidos, pero si queren facer algunha puntualización.

Di que nunca antes se pediran, por parte do goberno, informes técnicos para debater e votar unha moción de urxencia, precisamente porque esas mocións teñen carácter político, non técnico. Casualmente, nesta moción aparecen tres informes técnicos. Por orde que lle chegaron, o primeiro foi o de Réxime Interior. Di que dende EU subscriben absolutamente todos os termos, posto que a moción está redactada neses mesmos termos, o único que queren puntualizar é que a intención da bolsa de emprego que propoñen non ten como obxectivo a selección de persoal funcionario. No propio texto da moción consta que os beneficiarios desta bolsa accederían a ocupacións temporais de carácter determinado e limitado no tempo. A figura que propoñen na moción existe como tal en múltiples concellos, e non contravén co resto das contratacións que se prevén para unha entidade municipal. Non están inventando nada novo.

En relación co informe de Secretaría só quere dicir que ningún dos aspectos que menciona consideran que sexa contrario a súa moción, de feito non atopan ningún

aspecto que contraveña o sentido da moción que presentan. Quizais o único punto que deban aclarar é que na súa moción non fan referencia á dedicación mínima esixida para unha xornada de media dedicación dun concelleiro, na anterior lexislatura era de 4 horas, cun salario de 23.239 euros, e actualmente a xornada dos concelleiros con media dedicación é de 5 horas. Pero volven ao mesmo, o informe de Secretaría é absolutamente correcto, están debatendo unha moción política, coñecen os termos nos que se fixan os salarios e xornadas, porque son concelleiros desta Corporación. Saben en canto quedaron fixados os soldos e asignacións por asistencias, como non van sabelo, se están aquí votando en contra, agora ben, e como dixo anteriormente, e reitera, o informe de Secretaría, do cal non teñen absolutamente nada que rebater, tecnicamente é correcto, pero politicamente si que poden interpretar, de feito interpretan que unha cousa é dicir que van axustar o salario que teñen, para saber as horas que teñen que traballar, e outra cousa moi diferente é do que están falando, porque eles o que fixeron cando propuxeron os salarios foi preguntar de cantas horas tiñan que dicir que ía ser a súa xornada para poder chegar a gañar 29.000 euros, colleron a calculadora, fixeron o cálculo e dixeron 5 horas, e en vez de dicir que subían o soldo o que fixeron foi dicir que aumentaban a xornada.

Di que xa está ben de maquillar a realidade, falar de demagogia, que non lle gusta nada, e comezar a falar de cousas claras.

Continúa dicindo que diferente é o caso do informe da Axencia de Desenvolvemento Local, que é contrario á creación da bolsa de emprego, pero entenden que por falta de comprensión do sentido da súa proposta, que en ningún caso, e baixo ningún concepto, entraría en conflito co labor que desenvolve a propia Axencia. Porque tras unha enumeración extensísima de múltiples artigos que regulan o que son as políticas de emprego, só poden interpretar que non se entendeu o sentido da moción, insisten que é unha moción política, non técnica. A creación dunha Mesa de Desenvolvemento Local non é contraria, en ningún caso, ao traballo da ADL. Pregunta a quen se lle ocorre pensar que van entrar en conflito co labor da Axencia. O modelo de mesa e bolsa de emprego proposta na moción non impide, nin se solapa, co traballo que fai a ADL.

Insiste novamente, porque é moi importante, en que a súa proposta é política, a motivación é política, o obxectivo é político, e os axentes sociais presentes no concello teñen que intervir, ou deberían intervir, sobretodo no momento que están vivindo, co grave desemprego que existe, e concretamente o de Cambre.

Recoñecen que a súa proposta pode ter erros, por suposto. Vistos os informes, non tantos, pero si que ten un grande acerto, seguen pensando que esta é unha iniciativa que ten como obxectivo intentar que esta Corporación demostre que lles preocupa a situación actual de tantas familias que lles rodean, que non son números, e que son veciños deles. O Sr. alcalde pode dicir o que queira, pode darlle as voltas que queira, pero quedou claro, por moito que queiran disimular, ao que veñen ao concello, e por que se dedican á política, e iso o di con total firmeza, non veñen por vocación, e agora, despois desta actuación, e despois do seu pronunciamento, entenden cada vez máis o

que o Sr. alcalde sempre di, que el non é político, que é empresario, porque notóuselle un montón.

Continúa dicindo que, en todo caso, a súa intención non é poñer nun apuro ao resto dos grupos políticos da oposición, dos que si lles interesaría ter o apoio para levar adiante un proxecto no que cren cegamente, sexa nestes termos ou noutros similares. Non van esixir que se someta a votación esta moción cun informe en contra da ADL, aínda que segue insistindo en que cre que non se entendeu o sentido desta moción. Queren, iso si, deixar claro que esta moción serviulles a todos, e xa non fala como concelleira, senón como veciña de Cambre, para ver quen está a gobernalos, e que aínda que teñen pel de cordeiro, demostránlles cada día que, igual que o PP do Sr. Feijóo e que o PP do Sr. Rajoy, o PP do Sr. Rivas non ten ningún interese nos veciños, nas súas situacións, no seu índice de paro, que son os mesmos que lles están recortando cada día máis dereitos aos traballadores, para concederllos ás súas empresas privadas e favorecer aos grandes capitais. Están a demostrarlles que son capaces de utilizar calquera tipo de argucia para que o seu salario non se reduza nin un euro, din dende o goberno que o esforzo teñen que facelo todos, pero todos menos eles. E xa como dato, lémbbralles que cada un deles están gañando sete veces o salario mínimo interprofesional, e que a día de hoxe iso é obsceno. Advírtelles que fronte a eles hai políticos para facerlles fronte, e para defender a quen os sentou aí. Se ela fora unha das persoas que votaron ao Sr. alcalde, hoxe estaría realmente decepcionada.

Conclúe dicíndolles que lles dá os seus parabéns por colaborar un pouquiño máis e non facer absolutamente nada polos veciños, e dilles que vaian revisando outra vez as ordenanzas, a ver cal lle aplican esta vez a EU cando informen aos veciños do que está pasando, porque a multa da última xa lles chegou.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que el está de acordo coa Sra. concelleira en que a súa maior preocupación son os parados que hai en Cambre, e vaillo demostrar cunha sinxela frase: os que crean emprego, son precisamente os empresarios. A Sra. concelleira propón aquí unha cousa etérea, hipotética, que non é realizable. Se ela está de acordo, sabe que existe unha Axencia de Emprego en Cambre, e todos os que van alí son atendidos, pero el ten que atender a 150 traballadores, e está arriscando o seu diñeiro. El é o que crea emprego, non como alcalde, pero si como empresario. Se a Sra. concelleira lle está dicindo que ela, ou a Corporación municipal, quere montar unha empresa, el está con eles, montan unha empresa e contratan, se non é así, pregúntalle que queren facer, dicirlle aos traballadores que moi ben, que vale, oríentalos e non sabe que, pero despois pregunta onde os colocan, e con que soldo, pregúntalle en que empresa os colocan.

Se o que queren é crear unha empresa, el está de acordo, pero non unha mesa que non se sabe como vai funcionar, nin quen a vai presidir. Din na moción que a mesa vai estar composta por partidos políticos, empresarios, asociacións de veciños, ..., pero non se fala de quen vai presidir a mesa, se vai ser o alcalde ou se vai ser EU, porque se é EU, poden facelo mañá mesmo, poden constituír a mesa, sen ningún problema.

Pide que sexan claros, porque a moción que presentaron é polo soldo do equipo de goberno, pero el vai ser máis claro, el non veu aquí pensando en poñerse 5 horas para repartir o diñeiro, está equivocada. Dille que ten aí as súas nóminas de todos os meses, están a súa disposición, e son 1.452 euros ao mes, e iso por moitas horas de dedicación, aínda que a concelleira diga que son 4. Di que el traballa pola mañá e traballa pola tarde, e traballa os sábados e os domingos, e os seus concelleiros tamén. Agora, se EU quere limitar a actuación do alcalde, poden facer como na lexislatura anterior, poñerlle dedicación exclusiva, 60.000 euros ao ano, e entón non teñen nada que reclamarlle. Dilles que o obxectivo único e exclusivo que buscan coa moción, non é o emprego, porque se é un problema de emprego, dilles que creen unha empresa, que fagan como el, que hipotequen a casa e que a poñan a disposición da empresa, que é o que el fixo cando comezou con 25 anos.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López contesta que os veciños aí sentados queren a un alcalde, non a un empresario. En segundo lugar dille que non debería dicir que non len as iniciativas, ou que teñen falta de rigor, porque se o Sr. alcalde lee a moción, verá que o seu soldo aí non aparece absolutamente para nada, o do alcalde non aparece en ningún momento, e non fai falta que lle saque a nómina, porque lle pode sacar ela a súa, non hai ningún problema. Pídelle que sexa un pouco máis rigoroso e que lea a moción, porque co seu soldo non se meten para nada, e, ademais, no seu grao de responsabilidade por ser alcalde do concello, alcalde, non empresario, tampouco.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle á Sra. concelleira que ela dixo que superaban sete veces o SMI, o que significaría que calquera concelleiro cobraría 4.200 euros.

A concelleira de EU sinala que falan de media dedicación.

O Sr. alcalde contesta que aínda que sexa media dedicación, serían 2.100 euros.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM (PGD), manifesta que, efectivamente, como dixo a concelleira de EU el cre que se trata dunha moción política. Acaban de dicir que o que cobran os concelleiros do goberno con media dedicación, supera sete veces o SMI. El pode dicirlle que ese salario está en 643 euros, aproximadamente. El cobra, en bruto, e fala en bruto, porque se falan de deducións, cada un ten as súas, en bruto el está cobrando nun mes normal, 2.100 euros brutos. Cobra iso, pero ten a responsabilidade de estar no grupo de goberno, e está aquí 6 horas diarias, de 9:00 a 15:00 horas, está aquí todos os días do ano, e ata agora non colleu ningún mes de vacacións. Incluso algún dos que antes aplaudiron a intervención da concelleira de EU, saben que algunhas veces el foi de noite a onde o chamaron, para solucionar os problemas que tiñan. En todo caso, de 9:00 a 15:00 horas está no concello todos os días, para atender aos veciños e tratar de solucionar os problemas que teñen.

Se falan de soldos, teñen que falar de todos, porque os concelleiros da oposición veñen 6 horas ao mes, ao pleno, comisións e xunta de voceiros, e, por exemplo, o Sr. Taibo

que é voceiro, cobra 400 euros/mes, por 6 horas. Pregunta cantas veces multiplica iso o SMI, que é de 643 euros por traballar 135 horas. Iso é o que cobra un obreiro, e o concelleiro, por 6 horas, cobra 400 euros. Pregunta a canto lle sae aos veciños a hora de traballo dos concelleiros da oposición en comparación coa súa. Pregunta quen é o que aquí se leva o diñeiro, quen é o que lle sae aos veciños máis caro, porque di que está farto de tanta demagogia e tanta historia.

Segue dicindo que el tamén fixo contas e resulta que el cobra ao ano 25.650 euros brutos, calquera voceiro da oposición cobra 4.800 euros/ano. Agora EU propón que, por igualdade, todos deben aportar algo, e veñen maquillando o asunto dicindo que 33.000 euros que se lles quitaron das asignacións aos grupos políticos, que pasen a esa mesa de emprego. Non entende ben de que se trata ese órgano, pero supón que é algo parecido ao que propoñían hai anos, cando falaban de crear o Consello Escolar, onde participasen todos os entes sociais, e que non valeu para nada, porque xa non se xuntan nin para poñelo en marcha, e cando se empezan a xuntar, á segunda reunión non vai nin a metade, e ao final non serve para nada. Di que cando queiran facer unha cousa que non funcione, o mellor é meter xente de todos os lados. Para funcionar, dille aos concelleiros de EU, que tiveron a oportunidade nesta lexislatura, ou noutras pasadas, de formar parte do goberno municipal, e así, todas esas maravillas que propoñen pleno tras pleno, poderían telas feito, gobernar e poñerse a facer esas cousas, e non estar aí facendo peticións e dicindo que o equipo de goberno as ten que facer porque EU as levou no seu programa, e porque vai nos seus ideais.

Parécelle moi ben, pero pregunta por que cando EU tivo oportunidade de estar no goberno, non o fixo, e sacou todas esas propostas adiante. Di que porque hai que traballar, e porque hai que estar no concello todos os días para cobrar o que eles están cobrando. A hora de traballo dos concelleiros da oposición sae a 66,66 euros, a súa sae a 17,20, e aínda así, EU pretende baixarlle a 1.920 euros, pero non propoñen que se rebaixe nada a ningún da oposición. Falan de igualdade e de colaborar toda a Corporación, pero toda a Corporación son todos os concelleiros, non só os do goberno.

Continúa dicindo que se a oposición se rebaixara o que cobra na mesma proporción que lle piden a el, e non fala dos concelleiros de media dedicación, a oposición debería tamén rebaixar as asignacións por asistencias. Falan de igualdade e falan de política. Con a rebaixa que lle queren facer, a el suporíalle un 3,48% menos. Se botan a conta polo que cobra a oposición por hora, que é 3,8 veces máis que el por hora, case o cuádruplo que el, se fixeran cálculos, a oposición tamén debería rebaixarse máis que o que lle rebaixan a el. Ademais di que o que cobra 1000 euros de soldo non paga o mesmo de IRPF que o que cobra 4000. En todo caso, se aplicaran na mesma proporción a rebaixa do que lle propoñen a el, a oposición tería que renunciar a un 13,22% dos 400 euros que cobran, e aínda así, seguirían cobrando 57 euros/horas, e el pasaría a cobrar 16.

Continúa dicindo que cando se fala de igualdade hai que falar para todos, co cal se os voceiros dos grupos políticos da oposición reduciran o que cobran na mesma porcentaxe

que lle piden a el, serían 634 euros/ano, cada un deles, que irían para ese fondo que propoñen, e aproximadamente 100 menos os outros concelleiros da oposición que non están como voceiros. Iso representaría ao ano un total da oposición de 7443 euros, que achegarían eles, se é que queren facelo igual que propoñen que faga o equipo de goberno.

Pide que o teñan claro, porque aquí non é cobrar as cantidades brutas, haberá que ver o traballo que fai cada un, porque non é o mesmo que el traballe 1.490 horas/ano, que a oposición traballe 72. Parécelle que non está falando de ningunha barbaridade, e a exposición que fixeron é moi bonita para quen a escoita, pero non é práctica.

Para finalizar di que lle gustaría contar unha anécdota. Cando foron as eleccións pasadas, todos os partidos presentaron uns programas, e el tamén, e no seu programa ía un punto que facía referencia aos case 2.000 parados que naquel momento había no Concello de Cambre e máis a outros miles veciños de Cambre que demandaban a súa primeira vivenda. El explicou esa proposta nos mítines que foi dando por todas as parroquias, e na megafonía anunciaba que levaba unha proposta moi importante para facerlle a todos os parados e a todos os demandantes de vivenda de Cambre. Pedía que foran a escoitalo, e que despois votaran a quen quixeran.

Pregúntalles se saben canta xente tivo el, en total, nos mítines en todas as parroquias, 300. Aos 1900 parados non lles interesou saber que proposta levaba, seguramente lles interesaba máis como quedaba o Madrid ou como quedaba o Barcelona, pero o seu futuro non lles interesaba.

Di que a súa proposta era moi simple, os parados e os xubilados tiñan que colaborar, poñerse a traballar, e facer as vivendas para os que as demandaban, e non pagar así catro veces o que custan. El tiña pensado iso, e aínda o ten, xa o falou co grupo de goberno, pero están pendentes do Plan xeral, con esa proposta había moita xente dos que están parados, que se facía coa súa vivenda a cambio de traballar entre 2 ou 3 anos sen cobrar, un chalé con 500 m² arredor, e entre 80 e 100 m² de vivenda de planta baixa. El traballou durante un ano para poder facer esa proposta, pero aos que estaban parados ou demandantes de vivenda, non lles debeu interesar. Parece que está de moda pagar as vivendas ao cuádruplo do que custan e non facerlle caso a un loco como el, que se dedica a traballar polos veciños de Cambre.

O Sr. alcalde pídelle ao Sr. concelleiro que vaia rematando a súa intervención.

Don Manuel Marante Gómez sinala que as vivendas, aos que tiveran que pagar, non lles ían subir por riba dos 40 ou 50.000 euros, cando no mercado, tal e como está, esa vivenda ao mellor custa 200 ou 300.000 euros. El tiña e ten propostas, pero que non lles deberon interesar aos parados nin aos demandantes de vivenda, cando non foron a escoitalo, aínda que o anunciou na prensa. Agora os concelleiros da oposición veñen pedíndolle que rebaixe o soldo, cando cobra 17 euros/hora, pero sen tocar o soldo da

oposición, que cobra 66, e iso porque hai que solidarizarse cos parados e coa xente que ten poucos recursos.

Conclúe dicindo que el solidarízase con eles buscándolles traballo, non quedando el tamén sen nada, esa é a súa forma de solidarizarse.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o Sr. Marante, durante toda a súa intervención, estivo dirixíndose á súa persoa. El non vai falar dos programas e as vivendas, porque considera que non procede neste momento, pero si quere entrar no concreto. En primeiro lugar, o Sr. Marante non sabe as horas que o grupo de EU dedica ao concello, non o sabe, porque non é a súa sombra. El non lle vai dicir cantas, pero seguramente os funcionarios deste concello si o saiban.

Respecto do salario que o Sr. Marante dicía que tiñan que dar, contéstalle que os concelleiros do seu grupo xa o dan todo, absolutamente todo. Os concelleiros de EU, xa o dixo moitísimas veces, entregaron un documento en Secretaría onde consta que non perciben un só céntimo das asignacións que teñen, nin como grupo, nin persoalmente. Pídelle ao Sr. Marante que non diga mentiras, nin o dubide, porque a Sra. secretaria está presente para confirmalo. Os concelleiros de EU non perciben nin un céntimo, quere deixar claro iso, e que conste en acta.

Respecto das horas que o Sr. Marante dedica ao concello, é unha cousa que non garda relación coa outra, porque o feito de dedicarlle moitas horas a un traballo, non quere dicir que se faga máis. El está seguro que neste concello hai persoas que dedican bastante menos tempo que el mesmo, e fan bastante máis traballo, porque teñen máis capacidade, e iso o Sr. Marante tamén o ten que comprender, el e todos, porque esa é unha condición humana. Non por estar máis tempo se traballa máis e sae máis labor. Hai xente que en dúas horas fai máis que eles. Iso é o que hai que dicir, e non dicir que lle dedica día e noite, porque para iso está.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez contesta que tampouco os concelleiros de EU saben as horas que dedica el, tampouco son a súa sombra. El fora das horas que está aquí, que esas si que as ven todos, e non tería problema en fichar no reloxo, despois desas horas tamén fai moitas máis por aí, pero esas non as está a contar aquí. El tamén vai por aí, e tamén ten as ocupacións políticas que teñen os demais, cos veciños e con uns e con outros. El está a falar das horas que está aquí, as horas que el, ou os concelleiros de EU botan fóra, poden ser 100, 200 ou 500, pero ese é problema deles.

En canto ao tema de que os concelleiros de EU non cobran, di que iso é mentira. Eles cobran por asistencias unhas asignacións, o Sr. Taibo 400 euros, e a súa compañeira de grupo 300. Despois diso, que ingresen esas cantidades ao partido de EU ou que as tiren na ría, a el dálle igual, pero si que cobran por asistencias, son os concelleiros os que cobran, non o partido, porque se non veñen non cobran.

O Sr. alcalde pide que vaia terminando a súa intervención.

Don Manuel Marante Gómez conclúe reiterando que os concelleiros de EU cobran por asistencias, o mesmo que el, se despois entregan o diñeiro noutro lado, ese é o seu problema. Di que el as cobra e paga o correspondente IRPF por elas.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que o Sr. Maranteponse moi nervioso cando falan de cartos. Dille, en primeiro lugar, que ten que cambiarlle as pilas á calculadora, porque lle parece que funciona mal.

En segundo lugar, en canto á pregunta do Sr. alcalde de quen ten que presidir a Mesa de emprego, está claro que é o Sr. Marante, sen ningún tipo de dúbida, porque ten unha experiencia en cálculos e en emprego tremenda.

En terceiro lugar, dille ao Sr. Marante que o que falan fóra non queda rexistrado, pero o que se fala no pleno se grava, e teñen a acta do 24 de xuño de 2010, cando se debateu a proposta de redución das retribucións dos cargos que se desempeñaban en réxime de dedicación exclusiva, parcial, e contías a percibir en concepto de asistencias e indemnizacións, para reducir os soldos dos concelleiros, e na páxina 5 consta que o Sr. Marante, voceiro do PG, dixo que non se consideraba culpable, en absoluto, da crise que están padecendo, e que se el tiña un grao de area aí, había moitos que tiñan toneladas. Dixo que el estaría disposto a dar das asignacións que ten para algo concreto, para algo que el saiba onde vai o diñeiro que vai deixar de percibir voluntariamente.

Continúa dicindo nesa mesma acta, na páxina 8, penúltimo parágrafo, que a el lle parece moi ben a solidariedade con persoas que están padecendo a crise dunha maneira extremadamente forte. A el, se alguén lle di que ese diñeiro vai para esas persoas, que ao mellor quedaron no paro e resulta que non poden facer fronte as débedas que teñen, e que o diñeiro vai para axudar a esa xente, pareceríalle correcto, como se ten que dalo todo.

Á vista destas declaracións, dona M^a Olga Santos López pídelo ao Sr. Marante que non se lle ocorra dicir que están mentindo.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que se ratifica.

Dona M^a Olga Santos López di que, entón, aquí teñen unha proposta para a creación dunha Mesa de Emprego.

Don Manuel Marante Gómez pídelo que non se excite, non vaia ser que lle veña un embarazo prematuro.

O Sr. alcalde pide orde.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, pide respecto para a Sra. concelleira.

Dona M^a Olga Santos López sinala que aínda non rematara a súa intervención.

O Sr. alcalde expón que é el quen dá e quita a palabra e dálle a palabra á Sra. concelleira.

Dona M^a Olga Santos López manifesta que cando os pillan neste tipo de cousas é cando se alteran, e que o que dixo o Sr. Marante está escrito nas actas.

Continúa dicindo que quizais de todos os presentes, o Sr. Marante sexa o que menos debería alterarse en este tipo de debate, porque o pleno da Corporación, co voto en contra de EU, está permitindo que estea nunha situación semi-irregular, porque o Sr. Marante o que debería ter é unha dedicación, pero para poder compatibilizalo coa súa pensión de xubilación da empresa privada, permitiron que se amoldaran as asignacións polas que está percibindo a cantidade de diñeiro que percibe. Di que igual se piden, neste caso, un informe aos técnicos, como o pediron para botar abaixo esta moción, igual o Sr. Marante non estaba tan contento.

O Sr. alcalde concede a palabra a don Manuel Marante Gómez, indicándolle que ten un só minuto, xa que isto ten que rematar.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que el, no pleno de xuño de 2010 o que dixo foi que estaba de acordo se era para unha causa concreta, para as necesidades concretas dunhas persoas que van a recibir ese diñeiro. E no pleno do mes pasado, non é que dixera que se baixaran 33.000 euros ás asignacións dos grupos políticos, senón que dixo que por el poderían baixarse os outros 33.000 tamén, e que os partidos políticos se financiaran co diñeiro dos seus afiliados, eso tamén o dixo, pero iso, polo visto, á oposición non lle interesou. E o mesmo que dixo, tamén o di agora, que se trate de cousas concretas, non que vaia para unha parafernalia na que non cre. Polo tanto, como non cre na moción, non pode apoiala, outra cousa sería para unha cousa concreta, para unhas persoas e casos concretos, para iso estaría disposto a renunciar, e faralo cando o resto de concelleiros renunciaren ás asignacións por plenos, comisións e xuntas de voceiros, tamén el o fará, sen ningún problema. Pide que non lle veñan con historias, porque el a demagogia non a usa, el é igual de clariño, dixo que daba, e dalos, e segue a mantelo, o que pasa é que cando lle chega ao peto a un, entón tiran para atrás e frean. É moi fácil falar ben a conta dos petos dos outros, así son solidarios todos.

O Sr. alcalde pídelles que termine a súa intervención.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que aínda ten que aclarar as manifestacións sobre que está dunha forma irregular. Di que iso non é así, que el cobra unha prexubilación de Telefónica, non do Estado, e está pagando á Seguridade Social polo que está cobrando. Tanto polas asignacións que percibe do concello, como polas de Telefónica, está pagando un IRPF.

Conclúe dicindo que el non está de forma irregular, que, ao mellor, de forma irregular igual hai outros por aí que camuflan as cousas.

O Sr. alcalde preguntalle á Sra. concelleira de EU se, entón, non quere votar a moción.

Dona M^a Olga Santos López manifesta que eles o que dixeron foi que non queren poñer nese compromiso ao resto de grupos políticos, que non sabe se se queren pronunciar. Di que con un informe en contra eles non van a impoñer a súa opinión por riba do que opinen o resto de grupos políticos.

A continuación, cando o Sr. alcalde manifesta que, entón, pasan ao seguinte punto da orde do día, o resto de grupos da Corporación solicitan poder intervir no debate antes de rematalo.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que ao seu grupo gustaríalle ter intervido antes do Sr. Marante, pero manteñen a súa liña e neste tipo de espectáculos non van entrar. O único que lles gustaría saber e se van votar a moción.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que se len o punto primeiro da moción, onde se fala de constituír unha Mesa de emprego e desenvolvemento local onde participen todos os grupos políticos representados no concello, asistidos polos técnicos municipais, xunto cos axentes sociais, tales como sindicatos, asociacións de veciños, comerciantes, empresarios, e outras organizacións sociais, dise que a dita mesa elaborará un regulamento de funcionamento da bolsa de traballo rotativo, polo que, do que se trata é de crear unha mesa para crear un regulamento.

El cre que non hai que terlle medo nin ás asociacións de veciños nin ao resto dos axentes sociais, como sindicatos, comerciantes ou empresarios, e cre que é moi malo dicir aquí neste pleno, que cando se convoca moita xente, non vén ninguén. O que hai é que darlle oportunidade a todo o mundo, e quen queira vir que veña, e quen non queira vir que non veña, pero polo menos que todo o mundo teña a oportunidade.

Di que non vai falar máis do tema, cre que xa o Sr. Marante falou bastante sobre o que traballa cada un, pero manifesta que un tema é o que se traballa e outra cousa moi distinta son as horas que se pasan no traballo. Son dúas cousas totalmente distintas, como xa dixo algunha vez.

O seu grupo, cando aprobou as asignacións do equipo do goberno, fíxoo porque estaban supeditadas ao traballo e aos vindeiros orzamentos. Baixo o seu punto de vista, e xa o dixeron cando debateron os orzamentos, o equipo de goberno non cumpriu co que dicía que ía cumprir, e, polo tanto, non eran merecedores do que están ganando. O alcalde cobra 1.500 euros netos, pero ese non é o custo bruto que lle custa aos veciños de Cambre, ao que se suma a Seguridade Social.

Sobre o tema dos plenos extraordinarios, di que hai grupos que cobran todos os plenos, pero hai outros grupos que non o fan, por exemplo, UxC renunciou a cobrar o último pleno extraordinario onde se deu coñecemento da renuncia do voceiro do BNG, porque consideraban que por cinco minutos de pleno non eran merecedores de 200 euros.

Dille ao Sr. Marante, que está de acordo co que dixo antes o Sr. Taibo. O Sr. Marante non sabe as horas que traballan os demais. Pídelle que fale por el, polas súas horas e polo seu traballo, non polo dos demais concelleiros, porque sabe perfectamente que, no caso de UxC, don Antonio Orosa pasa moitísimas horas no concello, e iso non o poderá negar, por tanto, pídelle que non xeralice nestes temas.

En canto ao diñeiro a cobrar a raíz da moción de UxC que propoñía quitar a metade das asignacións aos grupos políticos, pasando de 66.000 a 33.000 euros, o Sr. Marante falaba de que cada afiliado pagara as súas cotas. El dille que no caso de UxC os seus afiliados pagan as súas cotas, non é gratuíto, pero tamén é certo que o Sr. Marante pode financiar o seu partido cos 24.000 euros que cobra ao ano, non é o caso de UxC.

Di que podería seguir analizando o tema, pero o que hai que facer é ser consecuente e facer as contas reais, non facer unhas contas para os debates, ou dicir que a moción que trae EU é para baixarlles os soldos. Non é así, se unicamente fora para baixarlles os soldos traerían unha moción como trouxo UxC onde exclusivamente se falaba de asignacións, ou onde exclusivamente se baixaban os soldos, xa que están en minoría e aprobaríase.

O Sr. alcalde manifesta que a el gustaríalle aclarar algo, porque isto que están falando vaise do texto dun pleno normal.

Di que, como xa lles dixo o outro día, se non están contentos co grupo de goberno porque ven que non traballa, poden botalo fóra, está nas súas mans poñerse de acordo e botalos fóra, porque eles non teñen ningún problema en marchar.

Eles xa dixeron cando chegaron ao goberno que o goberno anterior gastaba unha determinada cifra en soldos, con dúas dedicacións exclusivas e varias medias dedicacións por catro horas diarias. Eles o único que fixeron foi rebaixar esa cifra, e todos se puxeron os soldos iguais, alcalde e concelleiros. Despois díxose que era normal que o alcalde cobrara máis que o resto dos concelleiros, aínda que foran 3.000 euros máis, pola súa dedicación, porque traballa os fins de semana, porque non ten vida privada, e así foi como se fixo, e as súas nóminas están colgadas en internet, e poden velas, porque son públicas.

Pregunta canto ten que cobrar un alcalde. A dedicación dos concelleiros todos a coñecen, e tamén a coñecen todos os veciños, e el non ten por que enganalos, xamais. Di que nin lle ten medo ás asociacións de veciños, nin lle ten medo aos empresarios, nin lle ten medo a nada, pero o grupo de EU na moción, está falando de algo hipotético.

Pregunta por que non se unen á mesa de emprego que hai en desenvolvemento local. Poden facelo, sen ter que crear outro ente, e se é que ese funciona mal. Pregunta se o que tratan de dicir con esta moción é que o que fan dende o concello está funcionando mal. Pregunta se a Axencia de Desenvolvemento Local funciona mal, ou se é que eles van contratar aos traballadores.

Di que iso é o que lle teñen que dicir claro. Saber se esa mesa vai contratar aos traballadores, vai dalos de alta na Seguridade Social. Pregunta quen é o que vai contratar aos traballadores ao final. Esa é a única resposta que lles pide. Se lle din que eles teñen a solución para contratar traballadores con esa mesa, entón el está disposto a non cobrar, pero se llo din aquí e agora. Regala o seu soldo ao concello, pero teñen que dicirlle como vai funcionar esa mesa, quen é o que vai contratar, onde van colocar aos traballadores, pregunta se no concello ou nalgunha outra empresa.

Conclúe dicindo que, en vez de crear un ente desa natureza, cando xa hai outro creado no concello, pregunta por que non se unen todos a el e todos empuxan na mesma dirección.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que el está de acordo coa moción presentada por EU.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que xa comentou ao principio que á vista do informe da Axencia de Desenvolvemento Local considera que non se entendeu o sentido da mesa. A Mesa de emprego e desenvolvemento, a función que ten, inicialmente, é crear un regulamento no que estean presentes todos os axentes sociais que non están na área de Desenvolvemento Local. A función da bolsa de emprego, tal e como existe en moitísimos concellos de Galicia e España é totalmente diferente. Por exemplo hai concellos nos que o que fan é que cando se trata das grandes contratacións temporais subcontratadas, ou de empresas que están subcontratadas nun concello facendo traballo, por exemplo, de mantemento, é responsabilidade política, non técnica, desvincularse desas empresas subcontratadas para ese traballo ofrecerllo aos veciños desempregados do concello. Están falando de momentos de grave desemprego, como poden ser estes, e ese é o traballo da Mesa de emprego.

Di que esa mesa tería que crearse, presidida polo Sr. alcalde, e integrada por todas as forzas sociais, e facer unha lista, con todos os rangos para avaliar a situación dos desempregados de Cambre, e en función deses parámetros, cubrir as vacantes. Moitas veces o propio concelleiro Sr. Marante ten dito que non hai persoal suficiente, que hai que facer tal cousa pero que non hai xente suficiente, todas esas pequenas contratacións facelas con carácter rotatorio, para que non sempre traballen os mesmos, porque é certo que Cambre, e iso non llo achacan a ninguén, senón que seguramente sexa parte desa especie de cultura popular, en Cambre sempre se dixo que traballaban os mesmos. En Cambre hai unha especie de sombra que pulula por riba de todos eles, co tema das contratacións, e iso sábeno perfectamente, por iso, outro dos labores desa mesa, sería

ese. A mesa o que faría sería dar máis transparencia, máis unión e máis emprego a Cambre. O sentido está clarísimo, se non o quere entender ou se non o quere ver, ela máis non o pode explicar.

Conclúe dicindo que, á vista do pronunciamento do resto dos grupos, si que lles gustaría someter a votación a moción.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que o tema do que se está a falar é algo que a el lle afecta como concelleiro delegado de Contratación, e gustaríalle saber como van facer para que esa mesa contrate a alguén, cando se trata dunha competencia do Sr. alcalde, delegada neste caso na súa concellería, e cando, por suposto, non van contar coa súa firma, entre outras cousas porque estaría prevaricando.

Di que llo podería explicar calquera técnico, pero que vai facelo el. Expón que a Lei xeral orzamentaria, tanto a do ano anterior, que aprobou o Partido Socialista, como a deste ano, que xa aprobou o Partido Popular, establece que non poden contratar persoal. O problema que ten este concello é que teñen un déficit de persoal e non pode contratar a ninguén, se non é por causas máis que xustificadas. Están tendo verdadeiros problemas para poder cubrir as vacantes.

El quere que lle expliquen como van facer para contratar persoal, primeiro porque non van ter a súa firma. El non está disposto a prevaricar, non está disposto a incumprir a lei, que é o que eles lle están propoñendo. E, en segundo lugar, a ver como fan para saltarse as esixencias que lles está dando o lexislador, que está dicindo que non se pode contratar nin a unha soa persoa, agás circunstancias excepcionais, cando non cubrir esa vacante supoña a parada dun dos departamentos do concello.

Conclúe dicindo que lle gustaría que lle explicaran só ese tema.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais manifesta que lle gustaría facer unha proposta, para finalizar xa o debate. Ela cre que o espírito da moción é poñerse todos ao nivel do 2010. As retribucións dos grupos xa están no nivel do 2010, grazas á moción de UxC; as percepcións por asistencia dos concelleiros están no nivel do 2010 dende o primeiro momento; eles fan a proposta de que vaian ao nivel do 2010 tamén nas retribucións do equipo de goberno, e o resto ela cre que se pode solventar se fan unha proposta de crear unha mesa que traía aquí un programa ou unha proposta, consensuada entre todos, sobre o destino deses fondos.

Ela cre que se ese é o espírito e se están todos de acordo, poderían deixar de tirarse os trastos á cabeza, porque aínda quedan outro tipo de mocións, e teñen serias dúbidas de que non lles digan que se acaba o tempo.

O Sr. alcalde sinala que segundo esa proposta, ao alcalde vanlle subir o soldo ao dobre, e á primeira tenente de alcalde tamén, porque iso é o que pasaba no ano 2010, había dúas dedicacións exclusivas.

Dona Margarita Iglesias Pais contesta que non é así, porque eles teñen unha dedicación parcial.

O Sr. alcalde di que non é así. Eles teñen dedicación exclusiva en traballo.

Don Felipe Andreu Barallobre pregunta se, entón, poñen dúas dedicacións exclusivas.

Dona Margarita Iglesias Pais dille que non se trata diso, que do que se trata é de rebaixar as dedicacións ao mesmo nivel das dedicacións parciais. E pide por favor que terminen xa o debate.

O Sr. alcalde pregunta con cantas horas de traballo, porque en cada pleno os grupos da oposición repítenlle ao goberno que está en minoría, e que eles poden facer o que queiran. Parécelle perfecto, pero pídelles que, entón, lle digan cantas horas teñen que traballar e cal é a súa retribución. Pide que o propongan eles, e que esa é a proposta que teñen que facer, punto por punto.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que as asignacións do ano 2010 tampouco coinciden coas retribucións por asistencias dos concelleiros da oposición, porque tamén se lles baixaran un 5%, cousa que nesta moción non se prevé. De 100 euros pasaron a 95, e de 200 a 190. Di que nin iso son capaces de propoñer nunha moción, e o que está claro é o que dixo ao principio o Sr. alcalde, aquí ao que van é a polos soldos do equipo de goberno, os demais non se tocan.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, en relación co que dixo o Sr. Andreu, el discrepa profundamente na afirmación de que o concello non pode contratar. Di que iso é unha verdade a medias, e que non hai moito tempo leu un informe nalgún sitio, onde o concello solicitaba 35 persoas. Di que a mesa participaría na contratación desas persoas.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que non pode, porque iso está regulado por unha Orde da Consellería de Traballo que hai que atender e cumprir. Di que non hai ningunha opción.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que, entón, o informe de Urbanismo está equivocado.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que non, que mire o informe da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local que o explica punto por punto. O informe da ADL, do que supón que ninguén dubida, está dicindo que iso que propoñen na moción, xa

existe, e está financiado pola Xunta. O concello pode contratar persoal, sempre que o teñan financiado por outra administración ao 100%, diso trata o Plan de cooperación.

Eles solicitaron 35 persoas e unha subvención de 650.000 euros aproximadamente para contratar a esas 35 persoas. Iso é o que se solicitou.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que antes dixeron que a oposición está sempre a reprocharlles que están en minoría, pero iso non é así.

O Sr. alcalde aclara que el dixo recordar, non reprochar.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que tampouco llo recordan sempre, pero que, en cambio, o Sr. alcalde si que sempre lles lembra a eles o mesmo. Debe ser a terceira ou cuarta vez en dous plenos, que lles di que cando queiran que presenten unha moción de censura. El cre que é hora de dicir basta, porque ese é un dereito que ten a Corporación, e do cal fará uso cando estimen oportuno, por iso non fai falta que llelo diga, xa o saben.

Conclúe dicindo que el non lle vai dicir agora ao Sr. alcalde o que ten que gañar, ou o que teñen que gañar outros, o que lle di é que aquí hai unha proposta, unha moción de EU, e punto.

O Sr. alcalde di que el vaille recordar que neste mesmo pleno, hai 5 minutos, o Sr. García Patiño lembroulle que estaba en minoría, e que en todos os plenos alguén llo recorda. Volve dicir que se queren votar a moción, que o fagan, pero que el o que lles propón é deixala enriba da mesa e falar seriamente do tema.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, se o Sr. alcalde lle di que deste tema van falar seriamente, que se van tocar salarios, que se vai tentar crear unha mesa de emprego, para crear riqueza e traballo en Cambre, entón eles deixan a moción enriba da mesa, pero pídlle que comprometa unha data, para a vindeira semana, ou dentro de 10 días, para reunirse e falar do tema.

O Sr. alcalde responde que non ten a súa axenda diante, pero que se compromete a que nos vindeiros 10 días, se reúnen.

A continuación, o Sr. alcalde manifesta que van tratar o punto número 11 da orde do día, aínda que tamén quere sinalar que non é unha moción, senón que é un rogo, polo tanto, van a debatela, pero non a van votar.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o que eles piden é un pronunciamento do equipo de goberno á moción presentada.

11º Moción respecto da construción dun centro polivalente de servizos a situar en parcela municipal na parroquia do Temple presentada polo grupo municipal do

PSdeG-PSOE, ao abeiro do previsto no art. 46.2 e) da Lei 7/1985 e art. 125 do Regulamento orgánico municipal

Rexistrada de entrada ao núm. 4913 o día 17 de abril de 2012. Consta do seguinte teor literal:

“De todos son coñecidas as carencias de servizos que sofre a parroquia do Temple. Ás necesidades en materia sanitaria, educativa, atención á terceira idade, servizos administrativos municipais, emerxencias, aparcamento, cultura e ocio, etc., únese a precariedade en canto á dispoñibilidade de solo municipal susceptible de ser dedicado a acoller as instalacións precisas.

Como case única excepción ao manifestado anteriormente, o concello é titular dunha parcela, situada entre as rúas Francisco Añón e prolongación de Abeleira, cunhas dimensións de 3.244 metros cadrados.

Desa parcela, segundo acordo acadado en pleno municipal celebrado o 29 de abril de 2010, segregáronse 1.291 metros cadrados que foron cedidos gratuitamente ao Servizo Galego de Saúde para a construción dun centro de saúde. A día de hoxe o citado centro non tan só non está executado, senón que, segundo informacións dos medios de comunicación, atópanse en fase de licitación da redacción do proxecto.

Algo parecido ocorre coa tan demandada escola infantil a situar neste barrio. A Consellería de Traballo manifestou o seu compromiso de construír esta instalación sen que a día de hoxe coñezamos que se teña dado ningún paso para que este ofrecemento pase de categoría de promesa á de realidade.

Estes incumprimentos da Xunta de Galicia co noso concello, unido á recoñecida carencia de solo de equipamento na zona, esixe que o goberno municipal se deteña a reflexionar sobre a situación actual e se propoña novos retos, socialmente máis ambiciosos, co fin de optimizar este patrimonio inmobiliario público, de cara a que poida dar acollida á totalidade dos servizos colectivos que os veciños do Temple precisan, tanto na actualidade como nun futuro próximo.

Parece ser que a parcela en cuestión sería susceptible de beneficiarse dunhas posibilidades edificatorias, como mínimo, similares ás existentes nos edificios do redor, co que poderíamos estar falando de máis de 3.000 metros cadrados construídos.

Mención á parte merecen as posibilidades de explotación do subsolo, que tamén deben ser estudadas e valoradas, dende a óptica de servir, entre outros fins, como espazo de aparcamento de vehículos públicos e privados.

É evidente, así mesmo, a importancia do custo de execución dunha edificación que pretenda acoller a totalidade dos servizos demandados na zona, custo que resulta difícil de asumir unilateralmente dende as arcas municipais. É por iso polo que se fai

imprescindible unha colaboración interadministrativa entre o concello, a deputación provincial, a Xunta de Galicia e, incluso, o goberno do Estado co fin de buscar o financiamento preciso para levar a bo termo a construción deste edificio que poderíamos denominar “Centro polivalente de servizos”.

Coa proposición que presentamos os socialistas de Cambre pretendemos suxerir fórmulas de optimización do solo de equipamento municipal, buscando solucións ás necesidades veciñais que resulten máis económicas e integradas. Por iso instamos ao goberno municipal a que sexa arriscado nos seus obxectivos e busque as fórmulas máis pertinentes para lograr que este proxecto, que hoxe presentamos e que entendemos de extraordinaria utilidade para Cambre, sexa unha pronta realidade.

Por todo o anterior o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta ao pleno a seguinte proposta de acordos:

Primeiro: Instar ao goberno municipal co fin de que, logo da negociación coa Deputación Provincial, a Xunta de Galicia e o Goberno Central, e por medio de fórmulas de colaboración entre as administracións, se financie a redacción do proxecto edificatorio, así como a construción dun centro polivalente de servizos, a situar no terreo de titularidade municipal sito entre as rúas Francisco Añón e prolongación da rúa Abeleira, susceptible e suficiente para acoller, entre outros, os servizos sanitarios, educativos, de terceira idade, administrativos municipais, de emerxencias, culturais, de ocio, que os veciños do Temple demandan.

Segundo: Instar ao alcalde a que, periodicamente, dea traslado aos diferentes grupos municipais presentes na Corporación das xestións realizadas para o efecto.”

O Sr. alcalde manifesta que o Sr. Rey Moreno ten razón na súa moción en que, efectivamente, o día 29 de abril segregáronse 1.291 m² que foron cedidos ao Servizo Galego de Saúde en escritura pública.

É dicir, o terreo para construír o centro de saúde foi cedido en escritura pública ao Sergas, e, como todos saben, ese proxecto non o fai soamente o Sergas, senón que tamén hai financiamento europeo, polo tanto, el o que non pode facer é pedir a reversión do terreo para construír outro tipo de edificio cando iso foi un acordo plenario do ano 2010.

O que si pode pedir, e xa o fixo, foi que o centro de saúde teña un aparcadoiro no subsolo. Xa falou do tema coa conselleira de Sanidade, tanto coa antiga como coa nova, para cando se termine coa redacción do anteprojecto, que agora se está levando a cabo. En principio a resposta que lle deron é que iso non se podía facer, pero di que vai recabar os datos para saber se se pode construír ou non.

En canto ao outro trozo de parcela, foi cedido o 30 de outubro do 2008 ao Consorcio Galego, e teñen resposta que foi aceptado por eles, para construír unha escola infantil. O

día 27 de marzo deste ano saíu en todos os medios de comunicación o convenio asinado entre o Consorcio Galego e a Fundación Amancio Ortega para construír nove escolas infantís en Galicia. Entre as primeiras que se van construír e estar operativas no ano 2013, están as de Arteixo, Melide e Cambre.

Polo tanto, tampouco poden pedir a reversión do terreo, o que poden é instar a que nesa parcela tamén haxa aparcadoiro subterráneo, se é que pode habelo.

Continúa dicindo que iso é o que pode dicir sobre a moción presentada. O resto da moción, que falaba de facer un centro polivalente, con servizos sanitarios, educativos, de terceira idade, administrativos municipais, de emerxencias, culturais e de ocio, que os veciños do Temple demandan, di que non cre que o Sergas permita que onde vai facer un centro de saúde, ou a escola infantil, acoller todos eses servizos. En todo caso, vai propoñelo, dado que é un tema que se está iniciando.

Di que xa estivo reunido cos que van realizar o proxecto da escola infantil, mediron xa a parcela que lles corresponde, e agarda que en breves días volvan por aquí.

En conclusión, el non vai pedir a reversión do terreo, nin do que consta en escritura pública, nin do que foi cedido ao Consorcio Galego o 30 de outubro do ano 2008.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, con independencia dos pormenores en concreto, si é certo que a cesión do solo destinado a construción do centro de saúde está escriturado, non así a cesión ao Consorcio Galego de Benestar. Di que hai un documento, pero non está formalizada a cesión da propiedade, en todo caso, ten entendido que se cedeu o uso, non a titularidade do terreo, que seguiría sendo municipal, co cal entende que aínda estarían a tempo de buscar fórmulas de optimización dese espazo.

El non sabe, falando xa do centro de saúde, se vai ocupar a totalidade deses 1.200 m², pero se fan alí un edificio dunha soa planta, a verdade é que se perden unhas posibilidades edificatorias grandes. Todo vai depender de como se redacte o proxecto do centro de saúde, ao mellor queda espazo baleiro que, ao non ser necesario, pode ser revertido de novo, ou ben cedido a outra institución, ou a outro organismo da Xunta de Galicia para unha nova instalación, ou ben revertido de novo ao concello para que edifique alí o que entenda oportuno para dar servizo á zona.

Di que a súa moción non ten por motivo pormenorizar os usos, senón chegar ao compromiso, ou esixir o compromiso do goberno municipal, de que as posibilidades edificatorias e de dotación de servizos a esa zona, se agoten, isto tendo en conta as carencias de solo municipal de equipamento que teñen alí.

Eles admiten o compromiso por parte do Sr. alcalde de buscar fórmulas para optimizar ese solo, neste caso o subsolo, pero pide tamén que sexan un pouco máis esixentes, un pouco máis enérxicos, á hora de demandar que ese solo poida ser ocupado por máis

instalacións, porque, se non se equivoca, a cesión ao Consorcio Galego de Benestar era para escola infantil, pero tamén para un centro de día destinado á terceira idade, ou sexa, que había máis posibilidades de uso.

O Sr. alcalde sinala que no informe que lle fixeron dende a área de Urbanismo e Réxime Interior consta que a parcela de 2.000 metros restante, que deriva da parcelación urbanística foi cedida, no que ao seu uso se refire, e non á propiedade, ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para construír un centro de día de atención a persoas maiores, e unha galescola, a través dun acordo plenario de 30 de outubro de 2008, e así se lle comunicou ao dito Consorcio, a través de escrito municipal de data 4 de novembro do mesmo ano 2008.

Don Augusto Rey Moreno pregunta se iso quere dicir que hai a posibilidade de optimizar ese espazo, para construír a escola infantil, e que tamén quede espazo para o centro de día. Di que se hai a posibilidade de situar aí máis servizos para a zona, entre todos poden esixilo, xa non soamente con financiamento municipal, senón tamén con financiamento doutras administracións, como propoñen na súa moción.

Conclúe dicindo que iso é o que piden, ser esixentes, e que con ese pouco espazo que teñen en canto a solo de equipamento na zona, buscar a maior optimización. Ese é o obxecto da moción, e confían en que o goberno municipal, e o Sr. alcalde persoalmente, busque a mellor solución ás demandas da parroquia.

O Sr. alcalde contesta que non o dubide, que fará o posible, e trasladará estas propostas aos estamentos pertinentes.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que isto vén do ano 2008, cando estaba gobernando o partido socialista e o BNG, con maioría absoluta. Cre que as maiorías, ás veces, non son nada boas, e por iso, cando non hai unha maioría absoluta e o Sr. alcalde ten a ben sentarse co resto dos grupos políticos para preguntarlles que pensan sobre o que se pode facer nun determinado asunto, entre todos é máis difícil que se equivoquen.

Di que neste caso é unha parcela de 3.000 metros, onde liberando urbanisticamente 1.500 metros, deixando a metade da parcela como zona verde directamente, o que hai hoxe día no Graxal, que é baixo+3+baixo cuberta, poderían acadar preto de 6.000 m² para uso de todos eses servizos que se propoñen, e cos que o seu grupo está completamente de acordo.

Conclúe dicindo que, de telo feito así, conseguiríase liberar espazo, que falta fai en todo O Temple, e por riba contarían entre 5.000 e 6.000 m² onde poderían coller perfectamente un centro de saúde, un centro de día, a escola infantil, servizos municipais, de todo. Por iso cre que moitas veces hai que pensar un pouco, agardar un pouco máis, escoitar as ideas dos demais e optimizar os recursos, que son poucos. En optimizar os recursos están totalmente de acordo.

O Sr. alcalde manifesta que el tamén está totalmente de acordo niso, o que pasa é que ao seu goberno este tema venlle dado. El o primeiro que preguntou foi en que situación estaba a parcela, cando lle dixeron que a metade da parcela estaba en escritura pública, cedida xa ao Sergas, o único que lle quedou por facer foi ir ao Sergas e pedirles que no proxecto contemplan un aparcadoiro, e que fagan enriba un centro de día. A consellería, a Xunta ou Madrid poderalle dicir a el, que eles teñen o financiamento para facer un centro de saúde.

Di que por suposto que o vai intentar, pero que o que non vai facer é pedir que lle devolvan a parcela, porque iso está en escritura pública.

Por outra banda, en canto á parcela do Consorcio, considera que se precipitaron as cousas, é dicir, o convenio asinado coa Fundación Amancio Ortega é claro, eles asinaron o convenio porque existe unha parcela cedida onde poden facer a escola infantil, e iso é o que van facer. Como dixo antes, el intentará que ocupen o espazo necesario, e que no resto da parcela o concello poida, contando con outras administracións, facer outro tipo de instalacións, pero iso é ao máximo que se pode comprometer.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo está totalmente de acordo coa iniciativa, incluso como xa se dixo podería contribuír a liberar bastantes espazos que hai no Temple, que están ocupando agora mesmo outras entidades ou asociacións, por exemplo, terceira idade, correos ou Casa das Palmeiras, ou o propio centro sociocultural do Graxal. Podería contribuír a aforrar diñeiro, nese sentido.

En todo caso, di que el vai ser sincero e dicir o que pensa, el neste momento conformaríase con bastante menos. El aposta pola iniciativa do partido socialista e así o dixo hai 2 ou 3 anos neste pleno, e canto máis se consiga mellor, pero se a el neste momento lle din que van construír no Temple un centro da terceira idade, unha gardería, e o centro de saúde, cos tempos que corren, de verdade que estaría contento con ver dentro de pouco construído esas infraestruturas, que parece ser que si polo convenio asinado coa Fundación Amancio Ortega.

O Sr. alcalde manifesta que el o que lle pode dicir é que se vai construír o centro de saúde e a escola infantil, o centro da terceira idade non o citou, porque o que está comprometido é o centro de saúde e a escola infantil, e esta última el cre que, incluso, irá máis rápido que o centro de saúde. Iso é o que sabe, e o centro da terceira idade é un tema que non está nin falado, pero falará del.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que, con independencia de que os terreos estean cedidos, o que é certo é que en función do proxecto, como se presente, a súa expansión, etc., pode quedar espazo libre ou non. Poden ter cedido mil e pico metros cadrados, pero se fan un edificio cunha planta de 500, entón quedan outros

500 ou 600 que poden ir a outros usos, porque non está redactado o proxecto. E di que o mesmo ocorre coa escola infantil.

Dentro de cubrir as necesidades que unhas instalacións desas características levan, hai que ver a posibilidade de que quede máis espazo liberado, para nun futuro poder contar con outras instalacións, iso tendo en conta que, tal e como están as cousas vai ser difícil facer algo integrado, que sería o óptimo.

12º Informes da Alcaldía

De orde do señor presidente, a secretaria da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 4734 o día 12 de abril de 2012, procedente do Consello Xeral do Poder Xudicial, no que se acusa recibo da certificación do acordo adoptado polo pleno da Corporación municipal, en sesión celebrada o 23 de febreiro de 2012, respecto da “Moción en solidariedade, apoio, colaboración e impulso a prol da garda e custodia compartida”, e se informa de que se dá traslado do dito acordo aos vogais delegados para os órganos xudiciais de familia.

- Da providencia do concelleiro delegado de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, de data 2 de marzo de 2012, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Que nos procedementos negociados que se incoen a partir deste momento, para a contratación de obras, subministracións, consultoría, servizos , e outros contratos administrativos do Concello de Cambre, se **substituirá a invitación a empresas capacitadas** , como medio de solicitude de ofertas, pola **publicación de anuncios en prensa**, alternativamente, en “La Voz de Galicia”, “La Opinión “ e “El Ideal Gallego”, que se remitirán desde o Departamento de Secteraía-Contratación. Unha vez publicado o anuncio, a información sobre o expediente incluírase no Perfil de Contratante do Concello de Cambre, co fin de que poida ser consultado por tódolos interesados.

Exceptúanse desta publicación os procedementos negociados sen publicidade nos que, **por razóns debidamente xustificadas e a proposta dos técnicos da área proponente do contrato**, (por exemplo, que se trate dun investimento suxeito á subvención e que conte cun prazo perentorio de adxudicación contemplado nas propias Bases da subvención, entre outras), resulte aconsellable reducir o número de licitadores, esto co fin de non dilatar o procedemento de adxudicación .

Nestes casos, a solicitude de ofertas se realizará mediante o **envío das pertinentes invitacións, cando menos, a tres licitadores capacitados para a execución de cada contrato, sen publicar anuncios en prensa**, se ben debendo pórse especial coidado na garantía dos principios de concorrencia e igualdade de trato para as distintas empresas que sexan invitadas a participar nas licitacións . Para estes efectos, nos expedientes de contratación por procedemento negociado sen publicidade, se emitirá

informe **polos técnicos municipais** correspondentes, respecto da capacitación das posibles empresas/empresarios que poidan recibir invitacións para participar nos procedementos . Estas propostas **non serán asinadas polo concelleiro/a delegado/a** de cada área, que, poderá, sen embargo, asinar unha providencia de traslado da proposta de contratación ao Departamento de Secretaría-Contratación.

Entre os posibles empresarios capacitados propostos polos técnicos, **o órgano de contratación** (concelleiro-delegado de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación), decidirá os que serán invitados a participar na licitación, tendo en conta o cumprimento dos principios de eficacia, concorrencia e igualdade de trato.

Segundo: Dar traslado da presente Providencia ós distintos Departamentos municipais, para o seu coñecemento e inmediata aplicación.”

13º Rogos e preguntas

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 5052 o día 19 de abril de 2012, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Infórmannos persoas que padecen a enfermidade celíaca do problema xurdido durante a celebración da festa do entroido, organizada polo concello, no campo da feira. Segundo se nos di parece que, incumprindo o comprometido por responsables municipais, non se tiñan preparados bocadillos con pan sen gluten, tal e como estes veciños precisan, co fin de desfrutar da festa en igualdade de condicións que o resto de asistentes. Por todo o anterior:

Solicitamos que para próximas ocasións, de festas ou actos organizados polo concello, se informe a organizadores e colaboradores da forma de preparar e manipular os produtos alimenticios destinados ao consumo das persoas que sufren este trastorno.

Don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro de Cultura e Turismo, contesta que é certo que se produciu un erro con ese tipo de pan. Á hora de preparar os bocadillos mesturáronse os tipos de pan, e ao final non souberon distinguir cal era o pan para celíacos, do que non o era.

Tratarán de emedar este erro en futuras ocasións, pero tamén quere dicir que este colectivo sempre foi tido en conta polo concello, tanto nas festas do Nadal, co chocolate, os caramelos, as madalenas, como uns días antes no entroido infantil.

Conclúe dicindo que foi un erro e que procurarán que non volva ocorrer.

2º Na rúa Wencelao Fernández Flórez, case na confluencia coa estrada da Estación, vense de sinalizar unha parada de autobuses. Sendo esta unha boa idea que beneficia aos

veciños usuarios que se dirixen ao centro de saúde, dáse a circunstancia de que ao reiniciar a marcha pola citada rúa, moitas veces se atopan con dificultades para circular, por existir vehículos subidos na beirarrúa, situada no lado esquerdo. Por todo o anterior:

Solicitamos se dote á zona da sinalización horizontal e vertical precisa co fin de evitar que os vehículos aparquen na beirarrúa situada no lado esquerdo da calzada, no seu sentido ascendente.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que, efectivamente, hai algúns problemas. Como todos saben esa parada púxose aí para que cando vén o microbús parroquial da parte da estación, paren aí, e a xente que vaia ao centro de saúde non teña que ir ao centro de Cambre.

En principio a idea non presentaba problemas, pero resultou que agora xurdiron, sobre todo cando é a hora de entrar ao colexio, non tanto polos vehículos aparcados pola beirarrúa cara arriba, pero si na confluencia diante do colexio, porque a xente para nas esquinas e en todos os lados para deixar aos nenos.

Di que van tratar de darlle solución, especialmente no cruzamento diante do colexio, porque non pode estar o autobús tanto tempo parado.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, aínda que non o dicían no rogo, quere facer unha precisión, xa que xusto no acceso á saída do garaxe do edificio, había na beirarrúa uns bolardos, que foron desaparecendo e rompendo, por iso somete á consideración do Sr. concelleiro a posibilidade de repoñelos.

Don Manuel Marante Gómez contesta que, agora mesmo, os bolardos que están utilizando no concello, son bolardos ríxidos e están pedindo unhas ofertas para dotarse de bolardos de plástico, que son flexibles e que non son tan problemáticos como os outros.

Pensa que nestes días chegaralles un pedido que fixeron, e non haberá problema.

3º Denuncian veciños dos Campóns a paralización que sofre, dende hai meses, a obra de construción dunha rotonda á altura do Hostal Alba. Sendo, como é, unha obra que no seu momento dotará de seguridade viaria á zona e dada a súa importancia, non resulta comprensible a lentitude da súa execución. Por todo o anterior:

Solicitamos se leven a cabo as xestións oportunas, diante da administración responsable, para urxir á rápida conclusión da citada obra.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que hai uns meses xa tiñan preguntado por que non se estaba traballando alí, e xa había explicado que a empresa pedira unha paralización temporal, para que as empresas de Telefónica e Fenosa cambiasen as súas instalacións de sitio. Di que aproximadamente hai un mes

retomaron a obra, están traballando na zona do Mesón Vasco, e as previsións que lle din que teñen para rematar a obra, e duns 2 meses.

Rogos de UxC presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 5124 o día 21 de abril de 2012.

1º Veciños do Temple queíxanse da falta de civismo de veciños propietarios de cans que deixan a estes soltos na pista polideportiva do Graxal e o parque Ramón Barba.

Rogamos se reforce a vixilancia, e se repare con urxencia o valo metálico que pecha a pista.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que respecto do tema dos cans, por parte do departamento de Obras e Servizos, durante os últimos meses tense levado a cabo una campaña de sensibilización para concienciar aos propietarios de cans do concello, sobre o que teñen que facer cos refugallos orgánicos dos seus animais.

En canto ás deficiencias da pista polideportiva, di que non lle quedou moi claro na pregunta a cales se referían. Di que se está levando a cabo, por parte do departamento de Deportes, unha campaña de actuación nas pistas polideportivas, remataron coa do Graxal e ao do Temple, e posiblemente a seguinte sexa a do parque Ramón Barba, polo que espera que nas vindeiras semanas arranxarán ese problema.

A continuación, don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o rogo número 2, van a retiralo, xa que o Partido Socialista xa trae unha pregunta, que vén do pleno do mes anterior, sobre o mesmo tema, e que cando se trate, si que lle gustaría preguntar sobre un pequeno detalle, se é que non o contesta antes o goberno.

3º O pasado 5 de marzo cumpríuse o prazo para as alegacións ao Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia.

Rogamos se nos informe se o goberno municipal fixo algunha alegación.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que se fixo unha alegación enfocada en dúas direccións. Por un lado, aclarar que en Cambre se están desenvolvendo dúas iniciativas privadas dentro do polígono do Espírito Santo, que entendían que no plan sectorial non estaban situadas correctamente.

Por outro lado, alegaron tamén que o Concello de Cambre está a desenvolver un Plan xeral, e que non queren que en ningún momento lles limiten o espazo que van poder ter para desenvolver polígonos industriais.

Conclúe dicindo que, ademais, agradece a pregunta, porque dálle a oportunidade de entregar ao resto de grupos municipais, ao finalizar o pleno, unha copia da alegación que dende o concello se presentou ao Plan sectorial.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, explica que o seu grupo tamén presentou unha alegación, que tamén lle pasarán ao resto de grupos. Cre que o goberno xa a ten, e debeu lela, porque a presentaron no rexistro do concello, dirixida á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, ao Instituto de Vivenda e Solo, e ao Concello de Cambre.

Estráñalles que o Concello de Cambre fixera unha alegación o último día, a última hora, ás 14:00 horas, porque el, primeiro, chamou ao concello para interesarse se tiñan presentado algunha alegación, e un técnico municipal díxolle que aínda tiñan tempo, e foi el quen lle dixo que non había tempo, que o prazo se cumpría ese día, e foi entón cando prepararon a alegación, que se limita, única e exclusivamente, a dicir que a Xunta de Galicia estaba equivocada ao marcar a liña onde está o polígono, e os dous polígonos que están en tramitación. Esa é un pouco a alegación que se fixo dende o concello, cando o certo é que este tema xa o trouxeron hai dous meses ao pleno. El mesmo lle falou ao goberno do Plan sectorial, e da importancia que UxC considera ten este asunto para o Concello de Cambre, porque falan dun investimento estimado que supera os 2.500 millóns de euros, do cal a Cambre lle tocaría 0.

Di que UxC falou, levou no seu programa electoral, e puxo en consideración do pleno a posibilidade de facer un polígono industrial máis aló de Cambre, un polígono de 4 millóns de metros cadrados, entre Bergondo, Sada, Oleiros e Cambre. Un polígono onde estaría parte dese investimento, onde poderían competir co resto dos polígonos polos que a Xunta está apostando claramente, que son os polígonos do eixe Arteixo, Carballo, Cerceda, e outro eixe que é Ferrol.

Di que se iso é así, o polígono de Espírito Santo poderán amplialo, pero non van ter investimento da Xunta de Galicia para el, e non van poder competir co resto dos polígonos, ademais, o polígono de Espírito Santo está avocado ao fracaso, como os demais polígonos que están na N-VI, no seu día vía de comunicación importante á Coruña, pero que hoxe xa non o é.

Por iso UxC falaba da importancia dunha alegación como a que fixo o seu grupo, para ter unha bolsa importante de solo, atractiva para os industriais, para poder ofertar a industrias que se implanten en Cambre ou preto de Cambre, porque coa industria, xérase emprego.

Esa idea ía máis aló dos 2, 3 ou 4 anos que dura unha lexislatura. Consideran que hai que pensar un pouco máis aló, xa o dixeron hai dous meses, e por parte do goberno municipal non se fixo nada. Dóelle dicilo, el agardaba que tiveran feito algo, que tiveran collido o concepto. E nese concepto tamén aparece a Vía Ártabra, como eixe vertebrador dos polígonos.

Explica que UxC pediu audiencia co alcalde de Oleiros, xusto cando saíu este tema, recibíunos hai moi pouco, porque se tiña traspapelado a petición, e, dende logo, el si que colleu a idea, porque a el tamén lle afecta. Oleiros ten un polígono ao que ten que dar saída, como Sada, como Bergondo, como Cambre.

O alcalde de Oleiros dixo que ía trasladar a alegación e a idea de UxC ao Consorcio, para traballar dende alí cunha idea conxunta para chegar a ter solo industrial suficientemente apetecible para as empresas.

O Sr. alcalde contesta que, en primeiro lugar, el non ten a alegación que o Sr. Patiño di que presentou, ao seu despacho non chegou. En segundo lugar, di que lle agrada e satisface que UxC estea dando protagonismo coa súa alegación ao alcalde de Oleiros, e non teña pedido esa entrevista con el. Pregúntalle por que non o fixo, porque el tamén sabe levar esa alegación ao Consorcio. Recoñece que se falou no pleno do tema, pero a el non lle pediu unha entrevista.

En todo caso, di que, como o Sr. Patiño poderá supoñer, el aposta pola creación desa área industrial, e se o debaten no Consorcio, e ten o protagonismo o alcalde de Oleiros, tampouco vai rexeitar o tema.

Rogos de EU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 5123 o día 21 de abril de 2012, xunto coa moción e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Ante a confusión e incerteza creada en torno ás vindeiras festas de 2012 en Santa María de Cambre, pregamos ao concelleiro responsable de Cultura nos informe sobre os programas das festas de agosto e sobre o orzamento destinado aos mencionados eventos. Do mesmo xeito nos informe do balance económico dos festexos do pasado ano 2011.

Don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro de Cultura e Turismo, manifesta que primeiro lle gustaría que o voceiro de EU explicara a que se refire cos termos confusión e incerteza, porque el, coa xente que falou, ninguén se amosou confuso nin ten dúbidas.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, contesta que incerteza, primeiro, en canto a onde se vai facer o Rock in Cambre e a festa de Cambre. Hai xente que ten dúbidas sobre iso, e tamén a Corporación municipal está sen informar sobre onde van ser eses eventos. Di que hai uns días saíron no Metropolitano os lugares, pero o seu grupo xa tiña presentado este rogo no concello.

Sinala que eles presentan os rogos, e o equipo de goberno aproveita para, nun par de días, saír na prensa, e que non é só neste caso, senón que é en varias ocasións.

Confirma que fala de incerteza, por parte do seu grupo, por parte de máis membros da Corporación cos cales o teñen comentado, e tamén por parte de xente que lles ten preguntado onde se vai aparcar, onde vai ser a festa de Cambre, onde vai ser o Rock in Cambre.

Don Santiago Manuel Ríos Rama agradece a aclaración, porque os termos confusión e incerteza son termos moi abstractos, e, agora, se quere, di que lle pode contestar onde se vai celebrar, aínda que non estea na pregunta.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregunta se está a tomarlle o pelo, porque el o ten por unha persoa medianamente intelixente, que sabe a que está enfocada a pregunta. En todo caso, se quere informarlles, pode facelo, se non quere, vai pedilo por escrito.

Don Santiago Manuel Ríos Rama responde que o tema do orzamento vai contestalo por escrito. En canto ao programa, están a elaboralo, e farano público nas vindeiras semanas, tanto ao Sr. concelleiro como ao resto da cidadanía. Polo que se refire ao lugar, tanto o Brincadeira, o Rock in Cambre, como as festas, van ter lugar nos terreos que hai fronte ao centro de saúde.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que como o Sr. concelleiro de Cultura lle contesta que lle vai pasar o balance económico por escrito, comunícalle que o grupo de EU tamén vai pedir por escrito que lle faciliten o acordo que ten o Concello de Cambre con Brincadeira. Considera que é importante coñecer ese acordo, que a día de hoxe descoñecen. Trátase dun investimento importante, que significa moito para Cambre.

Don Santiago Manuel Ríos Rama contesta que llelo pasará.

2º Un dos lugares de maior tráfico rodado do concello, localízase na glorieta do centro de Cambre, neste lugar camións e autobuses teñen problemas para realizar o xiro na rotonda, existindo un continuo risco de accidentes e os conseguíntes atascos. O noso grupo considera que non debe haber demora para realizar un proxecto de actuación que poña fin á situación.

Polo exposto pregamos se realice un estudo técnico co fin de corrixir as carencias na mencionada glorieta.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que algo faláron xa deste tema, e que unha vez que estea redactado, achegaranllo a todos os grupos.

3º No noso concello conviven e residen persoas con distintos problemas de discapacidade, considerando o noso grupo que debemos avanzar na corrección das barreiras arquitectónicas co fin de mellorar a mobilidade destas persoas. Sirva como exemplo os extremos terminais das beirarrúas do viario público que en moitos lugares do concello dificultan acceder cunha cadeira de rodas.

Por isto pregamos se tomen as medidas necesarias para dar solución a estes problemas.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, recoñece que, efectivamente, pode haber algunhas zonas onde haxa algún problema de accesibilidade, pero anteriores corporacións xa tiñan feito programas para este tema.

Di que algún sitio pode haber, e, de feito, el cando vai por aí e ve algún, procura que se arranxe rapidamente, pero el pediríalles a todos, que lle pasen unha relación dos que coñezan, porque ao mellor a el non lle coincide pasar por alí, e non van facer agora outro estudo sobre o tema.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el non ten problema en facilitarlle os lugares que coñecen, que non son poucos, de feito, di que se levou unha gran sorpresa cando puxeron en coñecemento do seu grupo algún dos sitios, e agora, cando vai pola rúa, vaise fixando nesas detalles, e está moi sorprendido dos sitios nos que non hai chafrán, e hai uns resaltes onde é verdade que nin un carrito da compra, nin unha cadeira de rodas, poden circular.

Cre que todos deberían fixarse nesas cousas, os concelleiros, pero tamén os técnicos e os operarios do concello, porque son os que moitas veces están reparando enlosados, beirarrúas, marquesiñas, e deberían fixarse. Pensa que hai que transmitir esta idea aos demais, porque cantas máis persoas se ocupen disto, moito mellor para todos.

Don Manuel Marante Gómez aclara que el non se refería soamente a EU, estaba falando de todos os que saiban dalgún problema ou punto conflictivo. Agradecería a colaboración de todos.

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 5052 o día 19 de abril de 2012, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1º Nos medios de comunicación do pasado día 10 de abril, en concreto no xornal ‘La Opinión’, recóllese noticia referida a Cambre co titular “*El alcalde avanzará a los vecinos de O Temple su plan integral*”, engadíndose que “*el gobierno municipal prepara mejoras en el aparcamiento y en la plaza Manuel Murguía que quiere contrastar con los residentes de la zona*”. Con base en todo o anterior este grupo pregunta:

En que consiste ese “plan integral” e cando se ten previsto comezar as obras?

O Sr. alcalde contesta que o plan integral consiste nunha serie de actuacións que o goberno municipal ten pensado para O Temple e que están estudando, para propoñelas, tanto aos veciños, como aos grupos da oposición. Polo tanto, nestes momentos non teñen previsto que comecen as obras.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que a nota de prensa supón que obedece, unha vez máis, a declaracións do Sr. alcalde. Agarda que esas declaracións coincidan coas recollidas na prensa. No xornal recóllese que o alcalde, Manuel Rivas, convocará a todos os veciños afectados a unha reunión a finais deste mes.

O Sr. alcalde sinala que está a falar da rúa Pígara.

Don Augusto Rey Moreno contesta que non, que o xornal fala de que o Sr. alcalde vai informar en persoa sobre as medidas que estuda para os núcleos de poboación afectados, e buscar o consenso sobre os cambios.

O Sr. alcalde di que o Sr. Rey Moreno lle fixo unha pregunta, e el contestouna. O que poñen os xornais refírese á terminación da rúa Pígara. El a noticia entera non a leu, pero refírese á reunión que pensa ter cos veciños a finais de mes, cando acaben a rúa Pígara.

Don Augusto Rey Moreno sinala que, con independencia dese tema puntual, el cre que un plan integral é máis que unha nota de prensa, e como este tipo de informacións, proliferan de forma continuada, di que hai que medir moi ben as palabras. Cando se fala dun plan integral, todos saben o que iso é, algo máis que unha nota de prensa, son as necesidades que se queren atender, unha relación de medidas concretas a adoptar, orzamento de execución, financiamento, e uns obxectivos concretos que sexan susceptibles de ser avaliados.

O Sr. alcalde agradécelle todo, pero dille ao Sr. Rey Moreno que fixo unha pregunta, e el contestouna, e que isto non é un debate nin unha moción.

Don Augusto Rey Moreno di que o que non pode facer é falar de obxectivos concretos cando se fai unha mera manifestación falando dun plan integral que, polo que ven, non existe. Di que o adecuado é que, cando exista, primeiro se presente á Corporación e posteriormente darlle traslado aos veciños.

Agora o Sr. alcalde dille que non existe un plan integral, e el o que lle pide, é que non vendan un plan integral ata que o teñan redactado ou ideado minimamente.

O Sr. alcalde contesta que si está ideado, e presentarállelo, pero como sempre, aquí están a discutir cousas que veñen nos xornais, nunca falan da realidade.

Di que se a el alguén lle pregunta, cando vai pola rúa, como van as obras da rúa Pígara, el dá unha explicación. A continuación pregúntanlle se ten previstas máis actuacións na zona do Graxal e no Temple, e el contesta que sobre a rúa Pígara pensa reunirse cos veciños porque cre que lles debe unha desculpa polo atraso, pero tamén debe comunicarlles a que foi motivado o atraso que levan dun mes. En canto ao resto das obras que hai no Temple, explicou que aí están elaborando un plan para desenvolvelo e

ver que se pode facer no Temple. Ese foi o seu comentario a pé de rúa. A interpretación que se lle dá, pode ser outra, sobre todo cando se curta e se interpreta que se reunirá cos veciños do Temple para propoñerlles o seu plan.

Conclúe reiterando que el o que vai facer e reunirse cos veciños e comerciantes do Temple que queiran ir, cando poña unha data, para explicarlles a razón do atraso na terminación das obras da rúa Pígara.

Don Augusto Rey Moreno sinala que o Sr. alcalde di que os medios de comunicación non son a realidade, preguntalle, entón, que é a realidade.

O Sr. alcalde contesta que o Sr. concelleiro fixo unha pregunta, e el contesta. Se lle pregunta se está ideado un plan, el contéstalle que si, que están elaborando un plan de actuacións no Temple.

Don Augusto Rey Moreno solicita que, cando o teña, lles dea traslado del, ou polo menos lles informe.

O Sr. alcalde contesta que serán os primeiros en sabelo.

2ª No pleno de febreiro pasado, e ante a pregunta formulada por este grupo sobre a terminación das obras que se veñen levando a cabo nas rúas Pígara e Padre Feijoo, se nos dixo que no mes de marzo quedarían concluídas. A día de hoxe, tense repostado o seu asfalto, se ben queda pendente, entre outros traballos, a colocación e pintura da sinalización horizontal e vertical. Con base en todo o anterior este grupo pregunta:

Cando se prevé a conclusión definitiva da obra?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que a previsión que había era que no mes pasado quedaran rematadas as obras. Houbo uns problemas de última hora, cando fixeron unhas canalizacións que non estaban previstas no proxecto, para soterrar unhas instalacións aéreas que hai, tanto no fondo da rúa Pígara, como na cima, unhas eléctricas e outras de Telefónica.

Di que iso non requiría moito atraso, pero despois tamén houbo que facer un arquetón para Fenosa, na parte de arriba, diante do colexio, e tardaron en darlles as medidas.

Despois comezaron a aglomerar, para poder facelo todo seguido, e houbo algún problema coas inclemencias do tempo. Aínda non acabaron de aglomerar, hai un tramo fronte a Pompas Fúnebres que está sen rematar.

Por outra parte, foron comprobar visualmente a zona que xa aglomeraron, e na parte de abaixo, na rúa Padre Feijoo, practicamente levantaban o aglomerado co pé, polo que non está en condicións. Pola rúa Pígara para arriba, máis ou menos, visualmente, podería valer. Unha vez aglomerado están preparando os pasos elevados, os pasos de

peóns, e hai algunhas zonas onde tamén se levantou o asfalto, porque se moveu algunha tapa ao chover, etc.

En resumo, di que esixiron un control de calidade, que está no laboratorio, para coñecer a calidade do aglomerado que botaron porque non parece correcta. Están á espera de que chegue a resposta, para saber se hai que levantalo, porque dende o concello cren que, polo menos na rúa Padre Feijoo, é absolutamente necesario levantar todo e volver a aglomerar, ou se vale, botarlle outra capa por enriba, iso os técnicos serán os que decidan.

Por outro lado, faltan algúns remates que están facendo agora, e faltan as luminarias, que tardarán, aproximadamente, un mes en chegar. De momento seguen funcionando coa iluminación vella.

Unha vez que chegue o control de calidade, supón que poderán concluírse as obras, e despois pintar, xa que agora non ten sentido pintar a sinalización horizontal.

Na parte de atrás, sobre a que preguntou UxC no seu rogo, están arranxando as zonas de terra, acondicionando un pouco a zona. O que van facer é tentar conter a terra, poñerlle un plástico, e poñerlle unhas plantas trepadoras para que se suxeite ao terreo, porque alí é moi difícil telo con céspede, xa que estaba sempre con silvas, e era necesario ir coa rozadora.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, pregunta se no tema da iluminación, esta vai ir situada na fachada dos edificios ou van ir farois nas beirarrúas.

Don Manuel Marante Gómez contesta que nas beirarrúas, xa están feitas as arquetas e os puntos onde van ir.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, quere comezar dicindo que el xa dixo, e o mantén, que os mellores asfaltos que se fixeron neste concello foi na época na que Manuel Marante estivo de concelleiro de Obras, hai tres ou catro lexislaturas, que deixou empatenado este concello e cos mellores asfaltos.

El cre, e non é técnico, e supón que o Sr. Marante o sabe tamén, que o que se está facendo na rúa Pígara non vai funcionar, e non vai tardar máis de seis meses en levantarse. Cre que hai que arranxalo todo, e, para facer iso, hai que volver a levantalo, porque botando máis asfalto estarían enriba da beirarrúa.

En todo caso, el pediríalle ao responsable que non pase o que está pasando continuamente coas obras de Cambre, que se eternizan. Os veciños da rúa Pígara, rúa Feijoo e todo O Temple, tiveron, baixo o seu punto de vista, demasiada paciencia, os seus coches, os seus comercios e as súas casas, cheas de po, e vendo como pasaban días, incluso semanas, con dúas persoas, nada máis, traballando na rúa.

Sabe que este proxecto veulle herdado ao actual equipo de goberno, o que lles pide é que estean máis enriba, que non pase o que falaron antes dos Campóns, ou Padre Feijoo. Que se comecen as obras e que se finalicen cando se teñan que finalizar, e para iso hai que estar enriba.

Don Manuel Marante Gómez responde que lle pode asegurar que está, que na semana é raro que non vaia por alí tres ou catro días.

3ª Sr. alcalde o pasado mes, dende a presidencia da Xunta, esta Corporación foi invitada á inauguración do treito 2 da Vía Ártabra, enlace Meirás-Veigue, que tivo lugar o luns 27 de febreiro, con notable publicidade como recolleron os medios de comunicación.

Cal foi o motivo polo que vostede non ordenou dar traslado da invitación aos grupos municipais da oposición?

O Sr. alcalde contesta que quizais isto foi un fallo de protocolo da propia Xunta de Galicia, que mandou a invitación tarde. El o venres tiña pleno na Deputación, polo que non viu a comunicación. Cando a viu foi o mesmo luns día da inauguración, tanto é así, que o Sr. Marante, concelleiro de Obras, o enxeñeiro, e el mesmo, foron os que asistiron á inauguración. Non lles deu traslado porque era moi curto espazo de tempo e parecíalle unha vergonza, pero foi un fallo de protocolo da propia Xunta de Galicia.

Pide desculpas e dilles que non volverá ocorrer, que el comunicarállelo igual e, despois, se poden ir ou non, será outro tema. Reitera que foi unha cuestión de tempo, e que sairon case correndo para chegar á inauguración.

Preguntas de UxC presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 5125 o día 21 de abril de 2012.

1ª No pleno de setembro de 2011 Unión por Cambre preguntou ao goberno municipal sobre a parcela de zona verde que está ao lado do centro de formación no polígono industrial, a cal estaba con restos de obras así como con vehículos desmantelados.

Transcorridos 6 meses e sen ningunha solución, preguntamos ao goberno municipal se ten pensado tomar algunha medida ao respecto.

O Sr. alcalde contesta que xa teñen tomado medidas ao respecto. Esa é unha parcela que leva moito tempo con coches abandonados e demais.

Segundo o informe que lle fixo a Policía Local, dende o 25 de maio do ano 2007 están varios vehículos tirados naquela parcela, así como outros entullos. Son produto de propietarios que non pagan, e os coches están embargados cunha orde xudicial. Cando chegou ao goberno, a raíz dunha pregunta de UxC, comprobou que pasaba na parcela. O que ocorre é que todo isto ten que seguir un trámite, e, concretamente, o 18 de abril

deste ano recibíuse oficio do xulgado autorizando á destrución solicitada polo concello. Aínda non puideron entrar na parcela, porque co que estivo chovendo, non foi posible, pero, ata ese momento, a todo o que había na parcela non se lle puido tocar, por orde xudicial.

Conclúe dicindo que se o desexan, pode darlles traslado do informe da Policía Local, para que o analicen, coas matrículas dos vehículos e todo.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, contesta que non lle fai falta, que cre á Policía Local e cre ao Sr. alcalde, pero di que á parte dos vehículos, tamén hai restos de construción que cada vez van a máis, incluso hai restos da construción de beirarrúas que se arranxaron no polígono.

O Sr. alcalde di que foi persoalmente a velo, e de paso que se sacan os vehículos, sacarán todo.

2ª O 18 de xullo de 2011 Unión por Cambre presentou por rexistro unha petición para que de forma inmediata e tras varios meses de paralización se executasen as obras necesarias para terminar a rúa Martín Codax.

Tras 9 meses sen noticias, preguntamos ao goberno municipal: cando teñen previsto terminar a rúa?

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, engade que cre que esta pregunta tamén a tiña feito EU no seu día.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que a empresa que estaba a executar as obras non se atopa en condicións de poder rematalas. Estanse dando os pasos necesarios para poder executar o aval depositado no concello, e poder realizar as obras. Están valorando o proxecto, para saber que parte está realizada e que parte non, canto vai custar terminar iso, e poder executar a parte correspondente de aval.

Non pode precisar exactamente unha data, pero si dicir que xa se está traballando para poder terminar a obra.

Don Óscar Alfonso García Patiño agradece a resposta, pero di que, de todas formas, hai valos tirados, hai perigo no acceso ao garaxe, que só está valado uns metros, e pode caer calquera neno, é dicir, non só se trata do tema da obra.

3ª O 18 de xullo de 2011 Unión por Cambre presentou por rexistro a solicitude ao goberno municipal para que iniciasen os trámites necesarios para a posta en marcha dunha ordenanza que regule os valos publicitarios, así como o pago por actividade e a retirada inmediata de todas aquelas que non teñan licenza municipal.

Transcorridos 9 meses sen noticias, preguntamos: que fixo o goberno municipal ao respecto?

Dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, contesta que tiveron que atenderse outras prioridades. Agora mesmo a regulación da maioría das taxas do concello está obsoleta e precisan dun estudo económico a fondo para actualizalas. Estase traballando nese estudo, pero iso non é algo que saia de hoxe para mañá, de feito, no pleno de hoxe trouxeron dúas ordenanzas, agardan que esta sexa a seguinte, pero tampouco lle pode dicir que a vaia traer para o vindeiro pleno, porque depende do que se demore, ademais de haber outras actividades que están levando a cabo dende os servizos económicos e que agora mesmo se consideran máis prioritarias.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o entende, pero que, de todas formas, o goberno municipal xa ten coñecemento daqueles valos que están de forma ilegal a través do escrito de UxC presentado por rexistro. Di que teñen que velar pola seguridade e facer que as retiren de forma inmediata, aínda que entende que non teñan demasiado tempo para o tema da ordenanza, pero o resto cre que teñen que facelo xa.

Preguntas de EU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 5123 o día 21 de abril de 2012, xunto coa moción e cos rogos presentados para este pleno.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que na medida do posible vai tentar ler as preguntas e non intervir, como ten por costume, prolongando a pregunta como se fora un moción. Di que vai facer as cousas como cre que deben facerse.

1ª O Plan de cooperación coas entidades locais é un dos principais instrumentos que ten a administración autonómica para estimular a formación e o emprego a nivel municipal. Este plan contempla a creación de escolas taller ou talleres de emprego. Por diversos motivos nos últimos tempos o noso concello non se tivo en conta por parte da Xunta de Galicia para esta concesión. Por iso preguntamos:

Ten o concello presentado algún proxecto para a inclusión do noso municipio neste instrumento para contribuír á creación de emprego e formación?

Dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, contesta que os ve bastante confundidos na formulación desta pregunta, porque o plan de cooperación non contempla ningunha creación de escolas taller, son plans totalmente diferentes.

Tamén lle gustaría que aclarasen a pregunta presentada, xa que, como mesturan os distintos instrumentos non sabe sobre cal preguntan cando falan de ter presentado algún proxecto.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que a pregunta é moi sinxela, saber se o concello ten solicitado, ou previsto algún proxecto, para solicitar unha escola taller no concello.

Dona Marta María Vázquez Golpe contesta que si, que teñen dous proxectos para escola taller. Un para rehabilitación de dous edificios do concello. O que pasa é que a Xunta de Galicia, de momento, non convocou talleres de emprego. Saben que o ano pasado tampouco saíron, e no 2010 veu denegada a solicitude.

Conclúe dicindo que, en canto saian, o solicitarán e presentarán os proxectos que xa teñen preparados.

2ª Tráncorridos máis de dous anos da finalización das obras de iluminación pública en San Lourenzo mediante un proxecto do FEIL, e recepciónadas polo concello en data de 21 de setembro de 2009. A día de hoxe seguen sen prestar servizo co risco de deterioración das instalacións.

Varias foron as desculpas e xustificacións do goberno anterior e actual, pero a realidade é a que están a sufrir os veciños/as que se ven privados dun servizo que debería estar en funcionamento hai moito tempo.

Por isto preguntamos pola situación actual desta infraestrutura en San Lourenzo.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que as desculpas que deu son as reais, son as que son. A anterior vez que lle preguntaron por este tema comentou que Unión Fenosa pedía máis de 20.000 euros por enganchar esas instalacións. Deixouse caducar a solicitude, iso levou un tempo, e hai unhas semanas volveron solicitar o cups, e agora non van cobrar nada, senón que van saír gratis. Cre que é importante ter aforrado eses máis de 20.000 euros que terían que ter pagado se o tiveran feito antes.

Supón que debe estar a punto de chegar de Fenosa o cups, e acto seguido asinarase o contrato, e acenderanse.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, sinala que nas comisións de novembro falou de 30.000 euros.

Don Manuel Marante Gómez contesta que 20 ou 30 mil euros, que el agora está falando de memoria, pero que tras modificar uns temas, hai unhas semanas que saiu a solicitude do cups a Fenosa e agora sae gratis o acendido.

3ª A proposta do noso grupo municipal, en Cambre está institucionalizado o “Día da festa da árbore”. O pasado día 21 de marzo celebrouse o Día Forestal Mundial, e non tivemos coñecemento de ningunha iniciativa por parte do concello da celebración dalgún acto encamiñado a promover valores de respecto á natureza e do indispensable papel das árbores no mantemento do ecosistema. Tampouco se levaron a cabo actos sobre a recuperación e celebración no concello da festa tradicional do “Día da árbore”.

Cales foron os motivos para non realizar ningún acto na dita data, e non dar cumprimento ao acordo plenario?

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que saben que se celebrou nos colexios de maneira interna. Os colexios non permiten saídas, isto en resposta ás medidas que se tomaron dende a Xunta, e entón tampouco lles permitirían facer actividades cos colexios.

Por outra banda, están estudando a posibilidade de dotar dunha zona verde un espazo paralelo ao colexio do Graxal. Están en conversacións con Fomento para que na franxa que lles corresponde lles permitan facer unha plantación de árbores, que sirva, non como barreira verde, senón que humanice un pouco a zona, porque é unha vía bastante dura. No momento en que iso se poida levar a cabo, celebrarían o día da árbore.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que eles non preguntaban polo que se ía facer, preguntaron sinxelamente polo que non se fixo. Di que a festa da árbore está institucionalizada en Cambre, hai un acordo plenario, e hai que celebrala. Non teñen coñecemento de que o concello fixera ningún tipo de plantación para promover a defensa das árbores, do seu valor ecolóxico, por iso preguntaron, porque as cousas se aproban e pasan as cousas sen facer nada, non como outros concellos, como por exemplo, Culleredo, Carral, Oleiros ou A Coruña, que si celebraron a festa da árbore. Cambre, como sempre, é un mero espectador, e pide á Sra. concelleira que o teña en conta, para que non volva ocorrer.

Dona Rocío Vila Díaz manifesta que recolle a proposta.

Don Luis Miguel Taibo Casás rógalle ao Sr. alcalde que chame a atención a algunhas persoas que, cando intervén o grupo de EU, interrompen, neste caso o Sr. Marante e o Sr. García Patiño, aos que lles pide que fagan o favor de escoitar e non falar.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e vinte e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

Mª Luisa de la Red Ampudia